



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Ano XIV

Mércores, 4 de xaneiro de 1995

Nº 3

P.V.P. 120 ptas. (IVE incluído)

SUMARIO

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
I. DISPOSICIÓN XERAIS			
PRESIDENCIA			
— Comunicación do 19 de decembro de 1994 pola que se ordena a publicación no <i>Diario Oficial de Galicia</i> da modificación dos artigos 52.2, 69.2ª e 70 do vixente Regulamento do Parlamento de Galicia.	118	— Resolución do 7 de decembro de 1994, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se empra a ás partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 5.189/1994, interposto por Adolfo González Soto e outros.	124
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA		CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO	
— Decreto 390/1994, do 23 de decembro, polo que se regula a cobertura con carácter temporal dos postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo pertencentes ós servizos veterinarios oficiais mentres non se cubran con carácter definitivo.	118	— Resolución do 28 de outubro de 1994, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se declara de utilidade pública a instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 9/1994 A.T.).	124
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA		— Resolución do 25 de novembro de 1994, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita (Expediente A.T. 104/1994).	124
— Decreto 391/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a estrutura orgánico-funcional do Instituto Galego de Estatística.	120	CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES	
III. OUTRAS DISPOSICIÓN		— Orde do 25 de novembro de 1994 pola que se aproba o regulamento da denominación de orixe Monterrei e do seu consello regulador.	125
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA		— Orde do 15 de decembro de 1994 pola que se establecen axudas para a realización de accións dirixidas á mellora da competitividade do sector productivo industrial da serraxe e doutros produtos forestais de Galicia, centros tecnolóxicos, parques de clasificación e comercialización da madeira e introducción de novas tecnoloxías.	137
— Decreto 392/1994, do 23 de decembro, polo que se declara a utilidade pública e se dispon a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de alargamento e mellora do firme da estrada PO-400, tramo As Neves-Arbo (II) de clave N/PO/89.16.4.2.	123		

- Orde do 13 de decembro de 1994 pola que se establecen axudas económicas para o fomento da riqueza cinexética para o ano 1995. 143

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 7 de decembro de 1994, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 01/2346/1994, interposto por Almudena Álvarez Iglesias. 149
- Resolución do 13 de decembro de 1994, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 1/2360/1994, interposto por Emilio Rodríguez García. 149

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Resolución do 28 de novembro de 1994 pola que se declara concluído o procedemento e vacante a praza do corpo de profesores titulares de universidade da área de coñecemento de filoloxía catalana, do departamento de Filoloxía Galega (praza nº 1.209/1993). 149
- Resolución do 12 de decembro de 1994 pola que se nomea profesora titular de escola universitaria da área de coñecemento de química inorgánica, do departamento de Química Inorgánica, a Ana María García Deibe (praza número 1.215/1993). 149
- Resolución do 12 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de escola universitaria da área de coñecemento de química analítica, do departamento de Química Analítica, a Manuel Aboal Somoza (praza número 1.207/1993). 150
- Resolución do 12 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de lóxica e filosofía da ciencia, do departamento de Lóxica e Filosofía da Ciencia, Filosofía do Dereito Moral e Política, a José Luis Falguera López (praza número 1.199/1993). 150
- Resolución do 12 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de economía aplicada, do departamento de Econometría e Métodos Cuantitativos, a Luciano Méndez Naya (praza número 1.218/1993). 150

- Resolución do 15 de decembro de 1994 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de psicoloxía evolutiva e da educación, do departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, a Rosa María Rivas Torres (praza número 1.200/1993). 151
- Resolución do 16 de decembro de 1994 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de bioloxía animal, do departamento de Bioloxía Animal, a María Eulalia Eiroa Álvarez (praza número 1.203/1993). 151
- Resolución do 16 de decembro de 1994 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de matemática aplicada, do departamento de Matemática Aplicada, a Margarita María Isabel Burguera González (praza número 1.211/1993). 151

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Resolución do 13 de decembro de 1994 pola que se nomea catedrático de universidade da área de coñecemento de ciencia dos materiais e enxeñería metalúrxica, do departamento de Enxeñería dos Materiais, Mecánicos Aplicada e Construcción, a Pedro Merino Gómez. 152
- Resolución do 13 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de filosofía do dereito, moral e política, do departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, a Jesús Primitivo Rodríguez González. 152
- Resolución do 13 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de ecoloxía, do departamento de Recursos Naturais e Medio Ambiente, a Adolfo Cordero Rivera. 152
- Resolución do 13 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de teoría do sinal e comunicacións, do departamento de Tecnoloxía das Comunicacións, a Fernando Pérez González. 153
- Resolución do 13 de decembro de 1994 pola que se nomea catedrático de universidade da área de coñecemento de teoría do sinal e comunicacións, do departamento de Tecnoloxía das Comunicacións, a Antonio García Pino. 153

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO DOUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Cédula de notificación da mellora de embargo (272/1989). 154

	<u>Páxs.</u>
XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA — Edicto (216/1994).	154
XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO SEIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA — Edicto (73/1993).	154
 VI. ANUNCIOS a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA 	
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	
— Resolución do 23 de decembro de 1994, da Secretaría Xeral da Comisión Galega do Medio Ambiente, pola que se somete a información pública o estudo de avaliación de efectos ambientais do proxecto da canteira de granito Abellas.	155
— Cédula do 23 de novembro de 1994 da Secretaría Xeral para o Turismo, pola que se notifica á axencia de viaxes <i>Viajes Abrente, S.A.</i> a obrigatoriedade de presentar no prazo de un mes determinada documentación.	155
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	
— Cédula do 23 de novembro de 1994, do Servicio Provincial de Transportes de Ourense, pola que se notifican expedientes sancionadores incoados por infracción á normativa vixente en materia de transportes terrestres e devoltas polo servicio de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios (número OUR-01228-O-93 e nove máis).	156
— Cédula do 24 de novembro de 1994, do Servicio Provincial de Transportes de Ourense, pola que se notifican expedientes sancionadores incoados por infracción á normativa vixente en materia de transportes terrestres e devoltas polo servicio de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios (número OUR-01312-O-94 e seis máis).	157
— Cédula do 24 de novembro de 1994, do Servicio Provincial de Transportes de Ourense, pola que se notifica expediente sancionador incoado por infracción á normativa vixente en materia de transportes terrestres e devoltas polo servicio de correos por resultar descoñecido o seu destinatario (número OUR-01636-O-93).	158

	<u>Páxs.</u>
— Cédula do 28 de novembro de 1994, do Servicio Provincial de Transportes da Coruña, pola que se notifican as denuncias dos expedientes sancionadores incoados por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres, devoltas polo servicio de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios (XC-01842-O-94 e seis máis).	158
— Cédula do 30 de novembro de 1994, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se notifica expediente sancionador incoado por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres e devolta polo servicio de correos por resultar descoñecido o seu destinatario (D-00270-I-94).	159
— Cédula do 29 de decembro de 1994, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se notifican expedientes sancionadores incoados por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres e devoltas polo servicio de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios. (DG-00338-I e outro).	160
 CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO	
— Resolución do 9 de xuño de 1994 pola que se somete a información pública a petición de explotación dunha canteira de recursos da sección a denominada Fonte Fría (concello da Fonsagrada-provincia de Lugo).	160
— Anuncio do 8 de novembro de 1994, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de urxente ocupación de bens e dereitos afectados polas instalacións eléctricas en Pedra-Gándara e en Sobreira no concello de Zas, a prol da entidade mercantil <i>Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.</i>	160
 CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES	
— Resolución do 28 de xuño de 1994, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, pola que se resolve o expediente número 282 que afecta os montes Coto de Pedro e Monte de Arriba, do lugar de Vilachán, parroquia de Aguasantas, concello de Rois, desta provincia.	162
— Edicto do 1 de setembro de 1994, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, polo que se inicia a tramitación do expediente número 314 de clasificación dos montes de Caldebarcos e San Cibrán, pertencentes ó lugar de Caldebarcos, parroquia de San Mamede, municipio de Carnota.	164

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA			
— Cédula do 12 de decembro de 1994, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se fai pública unha relación de notificacións de aperturas de expedientes sancionadores. (Expediente PO-0660-94 e quince máis).	164	— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 123/1994, relativo á subministración dun analizador halóxeno orgánico total.	171
— Cédula do 12 de decembro de 1994, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se fai pública a notificación de resolución do expediente sancionador PO-0076-94.	165	— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 124/1994, relativo á subministración dun autoanalizador de fluxo continuo.	171
— Cédula do 12 de decembro de 1994, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se fai pública unha relación de notificacións de propostas de resolución de expedientes sancionadores. (Expediente PO-0278-94 e quince máis).	165	— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 113/1994, relativo á subministración de material informático.	171
— Cédula do 12 de decembro de 1994, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de prego de cargos de expedientes sancionadores (C-1.394/1993 e dez máis).	166	— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 116/1994, relativo á subministración dunha unidade de procesamento de datos RMN.	171
— Cédula do 12 de decembro de 1994, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de proposta de resolución de expedientes sancionadores (C-401/1993 e 29 máis).	167	— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 112/1994, relativo á subministración de accesorios RMN.	171
— Cédula do 13 de decembro de 1994, da Delegación Territorial de Vigo (Pontevedra), pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións dos recursos ordinarios de expedientes sancionadores (270/1994 e dous máis).	168	— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 111/1994, relativo á subministración dun espectrorradiómetro.	171
— Cédula do 13 de decembro de 1994, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de proposta de resolución en expedientes sancionadores (C-1.291/1993 e vinte máis).	169	— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 110/1994, relativo á subministración dun determinador simultáneo de carbono.	172
— Cédula do 13 de decembro de 1994, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de prego de cargos de expedientes sancionadores (C-343/1993 e doce máis).	169	— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 109/1994, relativo á subministración de sistema de captación e dixitalización de imaxes.	172
		— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 107/1994, relativo á subministración dun contador de radiación.	172
		— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 106/1994, relativo á subministración dun espectrómetro.	172
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA			
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 125/1994, relativo á subministración dun elipsómetro.	170	— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 105/1994, relativo á subministración dun inxector automático de desorción térmica.	172

	<u>Páxs.</u>
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 100/1994, relativo á subministración dun respirómetro.	172
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 99/1994, relativo á subministración dun analizador de imaxes.	173
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 96/1994, relativo á subministración dun cromatógrafo.	173
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 94/1994, relativo á subministración de sistema de purificación.	173
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 93/1994, relativo á subministración dun espectrofotómetro.	173
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 91/1994, relativo á subministración de equipo de densitometría.	173
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 87/1994, relativo á subministración de equipo de imaxes.	173
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 86/1994, relativo á subministración dun espectrofotómetro.	174
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 85/1994, relativo á subministración dunha ultracentrífuga.	174
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 80/1994, relativo á subministración dun espectrofotómetro de absorción atómica.	174
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 79/1994, relativo á subministración dun espectrómetro de infravermellos e analizador termogravimétrico.	174
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 78/1994, relativo á subministración dun analizador dixital de sinais.	174

	<u>Páxs.</u>
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 75/1994, relativo á subministración dun espectrofotómetro de absorción atómica.	174
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 62/1994, relativo á subministración de equipo reométrico.	175
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 138/1994, relativo á subministración dunha consola de espectrómetro de RMN.	175
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 136/1994, relativo á subministración dun imán espectrómetro de RMN.	175
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 131/1994, relativo á subministración dun microscopio de calefacción para cerámica.	175
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 130/1994, relativo á subministración dun microscopio electrónico de varrido.	175
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 128/1994, relativo á subministración dun zetazizer 4.	175
— Resolución do 7 de decembro de 1994 pola que se fai pública a adxudicación do expediente número 126/1994, relativo á subministración dun sistema completo para cuantificación de pH intracelular.	176

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE OLEIROS

— Anuncio.	176
------------	-----

CONCELLO DO GROVE

— Edicto do 30 de novembro de 1994 polo que se somete a trámite de información pública a aprobación inicial das normas subsidiarias de planeamento municipais do Concello do Grove.	176
---	-----

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública

Edificio San Caetano
Teléfonos 544268 - 544270
Fax 544272 - 544273
Santiago de Compostela
ISSN 1.130-9210
Depósito Legal C. 73-1982

IMPRIME

La Voz de Galicia, S.A.
R/. Concepción Arenal, 11-13
A Coruña

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA

Comunicación do 19 de decembro de 1994 pola que se ordena a publicación no Diario Oficial de Galicia da modificación dos artigos 52.2, 69.2ª e 70 do vixente Regulamento do Parlamento de Galicia.

Vista a certificación do Parlamento de Galicia do trece de decembro de mil novecentos noventa e catro, e resultando que este aprobou a modificación dos artigos 52.2, 69.2ª e 70 do vixente Regulamento do Parlamento de Galicia, en virtude das facultades que me confire o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei reguladora da Xunta e do seu presidente,

ORDENO:

A publicación da dita modificación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 1994.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia

A Constitución española, no seu artigo 76, recolle a posibilidade de que o Congreso dos Deputados e o Senado, ou ámbalas cámaras conxuntamente, nomeen comisións de investigación. O noso Regulamento, vixente desde 1983, aborda tamén esta materia no seu artigo 70. As sesións e os traballos destas comisións, por imperativo regulamentario, teñen carácter secreto, o que impide a asistencia dos representantes dos medios de comunicación social, en contra do previsto para o funcionamento das demais comisións.

A experiencia mostra que o aludido carácter secreto destas comisións é un atranco cara ó seu correcto funcionamento e non responde á demanda social de transparencia, obxectividade e publicidade, esixida pola sociedade actual.

O obxectivo desta proposición de lei é o de profundar no principio de que o carácter secreto das comisións de investigación debe ser unha excepción. Se fose merecente de aprobación, por congruencia e funcionalidade, debería extenderse a publicidade ás sesións do pleno nas que se debatesen dictames e conclusións formulados polas comisións de investigación, suprimindo o inciso final do artigo 69.2ª do Regulamento.

Artigo único

Os artigos 52.2, 60.2ª e 70 do Regulamento quedan redactados do seguinte xeito:

Artigo 52.2

2.-As comisións de investigación elaborarán un plan de traballo e poderán nomear ponencias no seu seo e requirir-la presenza, por conducto da Presidencia do Parlamento de Galicia, de calquera persoa para ser oída. Os extremos sobre os que deba infor-

ma-la persoa requirida deberán serlle comunicados cunha antelación mínima de cinco días. Os comparecentes serán advertidos dos seus dereitos así como da posibilidade de acudir asistidos de letrado.

Artigo 69.2ª

Cando se debatan propostas, dictames, informes ou conclusións elaboradas no seo da Comisión do Estatuto dos Deputados.

Artigo 70

1.-As sesións das comisións son a porta pechada, mais poderán asistirlos representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados.

2.-As sesións das comisións serán secretas canda o acorden por maioría absoluta dos seus membros, por iniciativa da súa respectiva Mesa, da Xunta de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos seus compoñentes.

3.-Serán secretas, en todo caso, as sesións e os traballos da Comisión do Estado dos Deputados.

4.-As sesións das comisións de investigación axustaranse ó previsto no apartado 1 deste artigo, coas seguintes excepcións:

a) Serán secretas as reunións das ponencias que se creen no seo da Comisión.

b) Serán igualmente secretas as comparecencias que versen sobre materias que fosen declaradas reservadas ou secretas conforme a lexislación vixente e as que traten sobre asuntos que coincidan con actuacións xurídicas que fosen declaradas secretas.

c) Tamén serán secretos os datos, informes ou documentos facilitados a estas comisións para o cumprimento dos seus fins cando o dispoña unha lei ou cando motivadamente o acorde a propia Comisión.

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Decreto 390/1994, do 23 de decembro, polo que se regula a cobertura con carácter temporal dos postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo pertencentes ós servizos veterinarios oficiais mentres non se cubran con carácter definitivo.

A disposición transitoria terceira do Decreto 237/1992, do 30 de xullo, polo que se determina o réxime aplicable ó persoal que presta os servizos veterinarios oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, prevé o mantemento da normativa de cober-

tura temporal de postos de traballo que se aplicaba ó desaparecido corpo de veterinarios titulares que distingue entre persoal interino (que se viña seleccionado mediante o sistema establecido na Orde do 2 de maio de 1962, modificada pola do 25 de marzo de 1980 e desenvolvida esta última pola Resolución do 26 de maio de 1990) e persoal substituto (que se viña seleccionando a través do procedemento previsto na orde da Consellería de Sanidade do 7 de maio de 1984), ata que non se dicte unha nova normativa ó respecto.

Sendo plenamente operativa desde o día 1 de decembro de 1994 a reestructuración dos servicios veterinarios oficiais levada a cabo polos decretos 200/1991, do 13 de xuño, e polo xa dito Decreto 237/1991, do 30 de xullo, o que leva aparelhada a plena integración no réxime xurídico da Lei 4/1988, do 26 de maio, e celebrado no seu día un proceso selectivo para a cobertura de postos de traballo nos servicios veterinarios oficiais da Comunidade Autónoma, non parece aconsellable manter un sistema que non responda ó que rexe con carácter xeral na función pública de Galicia e que vén regulado polo Decreto 252/1992, do 30 de xullo, se ben o procedemento que se adopta a través do presente decreto, de carácter transitorio e aplicable en tanto non se celebren as probas de acceso correspondentes á próxima oferta de emprego público, presenta algunhas especialidades derivadas da propia natureza dos postos de traballo a cubrir temporalmente e cínxese exclusivamente ós da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

En consecuencia, por iniciativa da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais e a proposta da Consellería da Presidencia e Administración Pública, logo de consulta ás organizacións sindicais e informe da Comisión de Persoal, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vintetrés de decembro de mil novecentos noventa e catro.

DISPOÑO:

Artigo 1º

O presente decreto é de aplicación á cobertura temporal dos postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo dos servicios veterinarios oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia do 12 de novembro de 1992 e publicadas por Resolución do 18 de novembro de 1992 (DOG nº 243, do 15 de decembro), modificadas por Ordes do 3 de decembro de 1993 (DOG nº 4, do 7 de xaneiro), pertencentes á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

Artigo 2º

A cobertura temporal farase mediante o nomeamento de persoal interino nos termos previstos no artigo 7 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Artigo 3º

A orde de prelación para o chamamento virá determinada polo resultado acadado no concurso-oposición convocado por Orde do 1 de marzo de 1993 e resolto pola Resolución do 28 de xaneiro de 1994 e por Orde do 19 de maio de 1994, entre os aspirantes que sen ter superado o dito concurso-oposición acreditasen 150 puntos ou máis na fase de oposición e, entre os ditos aspirantes, a prelación establecerase en atención ó número de orde obtido no resultado final do proceso selectivo.

No suposto de que as relacións de postos de traballo da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais esixan para o desenvolvemento dun dos seus postos de traballo estar en posesión do curso de matadoiros e a persoa que, aplicada a orde de prelación da lista, non a posúa, o chamamento farase en favor daquela persoa que, seguindo a devandita orde de prelación, posúa tal requisito.

Artigo 4º

A lista confeccionada segundo a orde de prelación establecida no artigo anterior terá un ámbito autonómico e será xestionada pola Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Disposicións adicionais

Primeira.

En todo o non previsto polo presente decreto será de aplicación supletoriamente o Decreto 252/1994, do 30 de xullo, polo que se regula a cobertura con carácter temporal de postos incluídos nas relacións de postos de traballo mentres non se cubran con carácter definitivo.

Segunda.

O establecido no presente decreto será tamén aplicable, se é o caso, ó procedemento de selección de persoal laboral temporal da categoría de veterinarios da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais contratado con cargo ó capítulo VI dos seus orzamentos ou dos do Sergas.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vintetrés de decembro de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 391/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a estrutura orgánico-funcional do Instituto Galego de Estatística.

As modificacións que a Lei 7/1993, do 24 de maio, introducen na Lei 9/1998, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, así como a necesidade de regular a composición, funcións e número dos órganos estatísticos sectoriais, previstos nos artigos 37 e 44 da Lei de 1988, fai preciso axeita-la estrutura orgánico-funcional do Instituto Galego de Estatística (IGE) á nova situación.

Ná súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catorce de outubro de mil novecentos noventa e catro,

DISPOÑO:**Artigo 1º**

O Instituto Galego de Estatística é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ó que lle corresponden as competencias e funcións que en materia de estatística e para os fins da Comunidade Autónoma se establecen na Lei 9/1988, de 19 de xullo, de estatística de Galicia.

Artigo 2º

Para o desempeño das funcións o IGE estrutúrase nos seguintes órganos:

- 1.-Director.
- 2.-Secretaría Técnica.
- 3.-Subdirección Xeral de Producción e Análise Estatística.
- 4.-Subdirección Xeral de Informática e Difusión Estatística.
- 5.-Órganos estatísticos sectoriais.

Artigo 3º

1º-O director do Instituto Galego de Estatística, con nivel orgánico de director xeral, é o xefe superior do organismo, e terá ademais das atribucións que lle confire o artigo 41 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, as que lle poidan corresponder segundo a lexislación vixente.

2º-Dependendo directamente do director do IGE, existirá un Servicio de Coordinación e Relacións Externas, que terá as seguintes funcións:

- a) Coordina-las relacións que, en materia de estatística, o IGE estableza cos distintos organismos da Xunta e demais institucións públicas de Galicia.
- b) Coordina-las relacións que, en materia de estatística, o IGE estableza co Instituto Nacional de Estatística, con outros servicios estatísticos estatais, cos órganos estatísticos da Comunidade Autónoma e coa Oficina Estatística da Comunidade Europea.

c) Estudiar e prestar asesoramento sobre a normativa estatística española ou internacional que poida ou deba ser de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Calquera outra función que por encargo do director se lle encomende, en particular, as relativas ó inventario, plans ou proxectos estatísticos, previstos nos artigos 6º e 7º da Lei de estatística de Galicia.

Artigo 4º

Á Secretaría Técnica, con rango de subdirección xeral, corresponderanlle, ademais das tarefas directamente encargadas polo director de cara ó eficaz funcionamento e coordinación da actividade do IGE, as seguintes funcións:

1º-A asistencia técnica ó director en cantos asuntos lle encomende, en especial os de natureza xurídica, xestión económica e réxime interior.

2º-A coordinación e elaboración do anteproxecto do orzamento do organismo.

3º-A coordinación, seguimento e control de todo o concernente á xestión do orzamento, e as súas modificacións.

4º-A coordinación, seguimento e control dos expedientes de gasto e de contratación administrativa.

5º-A coordinación, seguimento e control dos recursos humanos e da habilitación do persoal do IGE.

6º-O seguimento e control dos fondos da tesourería do organismo.

7º-A elaboración e desenvolvemento da contabilidade financeira e a xustificación das contas xerais conforme o plan de contabilidade do IGE.

8º-A admisión dos bens patrimoniais do IGE.

9º-A elaboración e tramitación dos anteproxectos de disposición de carácter xeral e dos convenios que se pretendan subscribir.

10º-A organización, mantemento e custodia do rexistro xeral do IGE.

11º-Substitución do director nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, en todo o concernente ás funcións ordinarias de despacho ou sinatura de asuntos de mero trámite.

12º-Todas aquelas competencias que expresamente lle sexan encomendadas por delegación do director.

A Secretaría Técnica contará cun Servicio de Xestión Económico-Administrativa, que exercerá as seguintes funcións:

- a) A recepción e análise da información precisa para a elaboración do anteproxecto do orzamento do organismo.
- b) A tramitación das modificacións orzamentarias e dos expedientes de gasto.
- c) O seguimento e maila coordinación da execución orzamentaria así como o control da realización dos obxectivos asignados ós programas.

d) O seguimento do rexistro xeral do IGE, o arquivo de documentos, expedientes, material e cantos outros asuntos se lle encomenden en materia de funcionamento do réxime interior.

e) O control dos ingresos e rendementos que lle poidan corresponder ó IGE.

f) A formación, actualización, valoración e mantemento de inventario xeral de bens e dereitos que integran o patrimonio do IGE.

g) A execución dos pagamentos do IGE, e a obtención de datos para a elaboración dos cadros e contas que sexan preceptivos.

Artigo 5º

1-Á Subdirección Xeral de Producción e Análise Estatística, correspóndenlle, ademais das tarefas directamente encargadas polo director de cara ó eficaz funcionamento e coordinación da actividade do IGE, ás seguintes funcións:

1º-A dirección metodolóxica e técnica do proceso estatístico destinado á promoción e elaboración de:

a) As estatísticas de carácter censual ou mostral de información directa ou derivadas de actos administrativos, relativas ós fenómenos demográficos e socioculturais de Galicia, á actividade económica da poboación, das empresas e dos establecementos dos sectores agrario, pesqueiro, industrial, da construción e dos servizos.

b) As contas económicas de Galicia e as táboas input-output.

c) Os indicadores e series estatísticas.

d) Os directorios estatísticos.

2º-O deseño de mostras e métodos de estimación, así coma a planificación dos traballos de campo e oficina.

3º-A elaboración do anteproxecto do Plan Galego de Estatística e a súa eficaz coordinación e execución.

4º-A elaboración dos informes técnicos, demandados polo director do Instituto relativos á implantación de novas tarefas ou proxectos, ou á supervisión dos proxectos técnicos das estatísticas doutros organismos da Xunta de Galicia.

5º-A análise e información das solicitudes externas de datos estatísticos.

6º-O estudo, análise e promoción das metodoloxías, clasificacións, nomenclaturas e códigos estatísticos máis apropiadas de cara á normalización e harmonización da actividade estatística da Xunta de Galicia e á súa coordinación cos demais órganos estatísticos estatais e internacionais.

7º-Participar, en representación do Instituto, nas reunións ou grupos de traballo relativos a materias de estatística da súa competencia.

2.-A Subdirección Xeral de Producción e Análise Estatística contará cos seguintes servizos, que exercerán as funcións que se indican:

2.1.-O Servicio de Estatísticas Demográficas:

a) O estudo, promoción e elaboración de proxectos e, se é o caso, execución ou dirección técnica das fases do proceso estatístico, correspondentes a censos, enquisas ou estatísticas administrativas de carácter demográfico.

b) A elaboración de informes sobre a situación e resultados das tarefas en curso, e sobre a promoción ou implantación de novos proxectos demográficos.

c) A análise e informe das peticións externas de datos relativos ás estatísticas da súa competencia.

d) A participación na formación de directorios ou marcos de mostraxe relativos a unidades estatísticas das que se poidan obter información sobre datos demográficos.

2.2.-O Servicio de Estatísticas Sociais:

a) O estudo, promoción e elaboración de proxectos e, se é o caso, execución e dirección técnica das fases do proceso estatístico, correspondentes a censos, enquisas, estatísticas administrativas e indicadores de carácter social, cultural e de condicións de vida e traballo da poboación e dos fogares.

b) A elaboración de informes sobre a situación e resultados das tarefas en curso, e sobre a promoción ou implantación de novos proxectos no campo estatístico da súa competencia.

c) A análise e informe das peticións externas de datos relativos ás estatísticas da súa competencia.

d) A participación na formación de directores ou marcos de mostraxe relativos a vivendas e fogares.

2.3.-O Servicio de Estatísticas Económicas:

a) O estudo, promoción e elaboración de proxectos e, se é o caso, a execución e dirección técnica das fases do proceso estatístico, correspondente a censos, enquisas ou estatísticas administrativas do campo económico, relativos ós sectores agrario, pesqueiro, industrial, da construción e dos servizos.

b) O estudo e, se é o caso, elaboración ou adaptación ás necesidades do sistema estatístico de Galicia das nomenclaturas estatísticas de carácter oficial.

c) A elaboración de informes sobre a situación e resultados das tarefas en curso, e sobre a promoción ou implantación de novos proxectos no campo estatístico da súa competencia.

d) A análise e informe das peticións externas de datos relativos ás estatísticas baixo a súa competencia.

e) A participación na formación de directorios ou marcos de mostraxe relativos a unidades económicas.

2.4.-O Servicio de Estatísticas de Conxuntura:

a) O estudo, promoción e elaboración de proxectos e, se é o caso, a execución ou dirección técnica das fases do proceso estatístico, correspondentes á implantación ou mantemento dun sistema de indicadores estatísticos que permita o seguimento da evolución económica conxuntural.

b) O mantemento das bases de datos, tanto con información estatística de produción propia como doutros organismos, necesarias para a xestión da información conxuntural existente. Así mesmo, correspóndelle a posta ó día da metodoloxía estatística e informática, necesarias para a extracción, publicación e análise de resultados.

c) A elaboración de informes sobre a situación e resultados das tarefas en curso e sobre a promoción ou implantación de novos proxectos no campo das estatísticas de conxuntura.

d) As demais funcións de cooperación ou coordinación que en materia de estatística da súa competencia lle correspondan dentro das actividades do Instituto.

2.5.-O Servizo de Contabilidade Rexional:

a) O estudo da metodoloxía, promoción e elaboración dos proxectos e, se é o caso, execución, dirección técnica ou seguimento das fases do proceso estatístico, correspondentes á formación anual das contas económicas (SEC-REG).

b) O estudo da metodoloxía, elaboración de proxectos e participación na execución, dirección técnica ou seguimento dos traballos conducentes á formación periódica das táboas input-output da economía de Galicia.

c) A elaboración de informes sobre a situación e resultados das tarefas en curso.

d) A realización das enquisas e a formación e mantemento dos directorios estatísticos necesarios para a elaboración das contas e táboas, sempre que por criterios de eficacia e economía de medios fose aconsellable e con independencia das funcións asignadas a outros servizos.

Artigo 6º

1º.-Á Subdirección Xeral de Informática e Difusión Estatística correspóndelle, ademais das tarefas directamente encargadas polo director de cara ó eficaz funcionamento e coordinación coa actividade do IGE, as seguintes funcións:

a) A coordinación, supervisión e control do sistema informático do IGE.

b) A dirección técnica das metodoloxías informáticas que se utilicen para a análise, implantación e mantemento das aplicacións estatísticas a desenvolver polo IGE, de acordo cos proxectos ou coas especificacións técnicas, se é o caso, do correspondente servizo promotor do proxecto.

c) A implantación e mantemento de bases de datos e directorios ou rexistros estatísticos, de acordo cos proxectos ou coas especificacións, se é o caso, do correspondente servizo promotor do proxecto; así como o establecemento e mantemento de conexións e intercambios con outros centros de información, de bases, ou bancos de datos estatísticos.

d) A análise, programación e preparación das explotacións tabuladas e gráficas, a fin de atender as necesidades internas do IGE, de acordo cos proxec-

tos de tabulación ou especificacións técnicas dos servizos promotores, así como das explotacións requiridas para satisfacer as demandas externas.

e) A organización e mantemento dos catálogos, rexistros e ficheiros de información estatística dispoñible, así como o arquivo e custodia dos fondos bibliográficos e informáticos do IGE.

f) A realización das publicacións do IGE, de acordo cos obxectivos e especificacións da unidade promotora, así como a súa distribución, xestión e custodia.

g) O mantemento dunha unidade de información estatística que inclúa unha biblioteca de acceso público.

2.-A Subdirección Xeral de Informática e Difusión Estatística contará cos seguintes servizos, que exercerán as funcións que se indican:

2.1.-Servizo de Informática Estatística.

a) O estudo, implantación e mantemento das metodoloxías informáticas, necesarias para a execución dos proxectos estatísticos do IGE, ou de fases dos mesmos, axeitadas ás técnicas propias dos procesos estatísticos.

b) A implantación e mantemento das bases de datos e directorios estatísticos necesarios para a execución das estatísticas que elabore o IGE.

c) A análise, programación e preparación das explotacións informáticas tabuladas e gráficas para a obtención de resultados, ou publicación dos mesmos, relativas ás estatísticas de elaboración propia do instituto ou derivadas da explotación de ficheiros estatísticos de produción allea.

d) A organización, mantemento e custodia dos soportes físicos e magnéticos da información estatística primaria e da información tabulada.

e) A obtención de ficheiros ou información tabulada para atender as peticións externas de datos, de acordo coas especificacións do correspondente servizo promotor.

f) A elaboración de informes e anteprojectos relativos ó funcionamento do servizo ou á mellora dos equipos e sistemas.

2.2.-Servizo de Difusión e Información Estatística.

a) A catalogación, arquivo e custodia dos fondos bibliográficos do Instituto e o mantemento dunha biblioteca de acceso público.

b) A recepción e xestión das peticións externas de información estatística, e sempre de acordo coas especificacións ou directrices dadas polo correspondente servizo promotor.

c) A realización dos procesos de edición, publicación e difusión dos libros ou documentos estatísticos producidos polo IGE, en coordinación co correspondente servizo promotor e co Servizo de Xestión Económica.

Artigo 7º

1º.- Os órganos estatísticos sectoriais, que terán nivel orgánico de servizo, dependerán funcional-

mente do director do IGE, e organicamente da correspondente consellería, organismo ou ente público da Xunta de Galicia, exercerán, segundo a Lei 7/1993, do 24 de maio, de modificación da Lei 9/1988, de estatística de Galicia, as seguintes funcións:

a) A elaboración das estatísticas propias da consellería e dos organismos e entes públicos correspondentes.

b) A elaboración das estatísticas ou fases delas que lles encomenden o Plan Galego de Estatística e os seus programas estatísticos.

c) A colaboración co IGE na elaboración do anteproxecto de Plan Galego de Estatística e dos seus programas anuais.

d) Población dos resultados das estatísticas propias, logo da súa remisión ó IGE para a súa homologación.

e) Colaboración co IGE no deseño e na confección dos ficheiros-directorios que utilizarán os órganos e entes da Administración autonómica de Galicia.

f) Análise das necesidades estatísticas da consellería ou dos organismos e entes públicos correspondentes.

2º-A partir da entrada en vigor deste decreto, créanse os órganos estatísticos sectoriais nas consellerías de Agricultura, Gandería e Montes; Pesca, Marisqueo e Acuicultura; e Industria e Comercio. Nas restantes consellerías e entes públicos da Xunta de Galicia iranse creando a medida que as necesidades do sistema estatístico de Galicia así o requira, de acordo coa Lei de estatística de Galicia e co establecido no presente decreto.

3º-Segundo a Lei 7/1993, do 24 de maio, o persoal que preste os seus servizos en calquera dos órganos estatísticos sectoriais terá o carácter de persoal estatístico, con independencia do seu nivel e da relación xurídica da que deriven aqueles, estando sometido ás disposicións vixentes ou que se poidan establecer para o persoal estatístico, en particular os artigos 26, 27 e 28 da Lei 9/1988, do 19 de xullo.

Disposición adicional única

1.-Modifícase o artigo 4.IIc) do Decreto 205/1990, do 15 de marzo, de estrutura-orgánica da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, que quedará redactado do seguinte modo:

«Servicio de Informática: Encargarase da elaboración e xestión dos programas de informatización, control de equipos e aplicacións informáticas, sen prexuízo das competencias das comisións de informática e de racionalización.»

2.-Engádesse un último inciso ó artigo 4 do Decreto 205/1990, do 15 de marzo, de estrutura orgánica da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, co seguinte teor literal:

«Dependendo organicamente da Secretaría Xeral e funcionalmente do director do Instituto Galego de Estatística, e con nivel orgánico de servizo, existirá o Servizo de Estatística, que desenvolverá as funcións previstas no artigo 7.1 deste decreto».

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 291/1988, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica funcional do Instituto Galego de Estatística,

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Consellería de Economía e Facenda para dictar, dentro da súa competencia, as normas precisas para o desenvolvemento do presente decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catorce de outubro de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Decreto 392/7994, do 23 de decembro, polo que se declara a utilidade pública e se dispon a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de alargamento e mellora do firme da estrada PO-400, tramo As Neves-Arbo (II) de cla-ve N/PO/89.16.4.2.

Con data 21 de novembro de 1994, o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda aprobou o expediente de información pública e, definitivamente, o proxecto de trazado da obra de alargamento e mellora do firme da estrada PO-400, tramo As Neves-Arbo.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas, e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Considérase xustificada a referida declaración por estar incluída nas actuacións programadas no itinerario O Porriño-Filgueira, con outros tramos xa en construción, e por contar con financiamento Interreg II da Unión Europea.

En virtude de todo o exposto, e en aplicación do artigo 28.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 8 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día vintetrés de decembro de mil novecentos noventa e catro,

DISPOÑO:

Artigo único.

Declara-la utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto das obras de alargamento e mellora do firme da estrada PO-400, tramo As Neves-Arbo (II), clave: N/PO/89.16.4.2.

Santiago de Compostela, vintetrés de decembro de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cuíña Crespo
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Resolución do 7 de decembro de 1994, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se empra a ás partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 5.189/1994, interposto por Adolfo González Soto e outros.

Para os efectos de lle dar cumprimento ó solicitado polo presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación co recurso contencioso-administrativo número 5.189/1994, interposto por Adolfo González Soto e outros, contra acordo da C.P.U. de Pontevedra o 20-12-93, e desestimación presunta do recurso de alzada ante a C.P.T.O.P.V. o 4-4-94, sobre autorización de construción dun tanatorio a *Pompas Fúnebres, S.L.* en Pardeso-Montecelo, esta consellería resolveu ordena-la remisión do expediente administrativo ó dito tribunal.

O que se notifica para xeral coñecemento de tódalas persoas interesadas no procedemento, e son emprazadas para que poidan comparecer nos autos da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días, segundo dispón o artigo 64 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, reformada pola Lei 10/1992, do 30 de abril.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 1994.

José Antonio Fernández Vázquez
Secretario xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Resolución do 28 de outubro de 1994, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se declara de utilidade pública a instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 9/1994 A.T.).

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial a petición de *Unión Eléctrica S.A.*, con domicilio en Vigo, no que se solicita autorización e declaración de utilidade pública para o establecemento dunha instalación eléctrica de media tensión, e cumpridos os trámites regulamentarios ordenados no capítulo III do Decreto 2.617/1966, sobre autorización de instalacións eléctricas, e no capítulo III do regulamento aprobado polo Decreto 2.619/1966, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas e de acordo co disposto no Real decreto 2.634/1980, sobre transferencia de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de industria,

Esta delegación provincial resolveu:

Autorizar a *Unión Fenosa, S.A.* a instalación eléctrica que ten como características principais as seguintes:

L.M.T. aérea, a 10/20 kV, de 316 m de lonxitude, con conductores LA-56 e apoios de formigón e metálicos, desde o apoio nº 11 da L.M.T. Vilagarcía-Cambados ata o C.T. que se proxecta en Galáns-Corón, concello de Vilanova de Arousa. Un C.T. de 160 kVA, relación de transformación 10/20 kV 398/230 V. Redes de R.T. de 8.765 m de lonxitude, con conductores R.Z.

Declara-la utilidade pública da instalación eléctrica que se autoriza, para os efectos sinalados na Lei 10/1966, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, e no seu regulamento de aplicación do 20 de outubro de 1966.

Esta instalación non poderá enirar en servizo mentres o seu petionario non conte coa aprobación do proxecto de execución, logo de cumprir-los trámites que se sinalan no capítulo VI do citado Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro.

Pontevedra, 28 de outubro de 1994.

Ramón Álvarez Abad
Delegado provincial de Pontevedra

Resolución do 25 de novembro de 1994, da Delegación Provincial de Pontevedra, po la que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita (Expediente A.T. 104/1994).

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Hidroeléctrica de Silleda* con domicilio en Vigo, no que solicita autorización

para instalar unha L.M.T. e un C.T. en Carballo-Oleiros, concello de Silleda, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo nove-no do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1.634/1980, artigo 14, e co 2.617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes,

RESOLVEU:

Autorizar a *Hidroeléctrica de Silleda*, a instalación de unha L.M.T. e un C.T. en Carballo-Oleiros, concello de Silleda.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 25 de outubro de 1994.

Ramón Álvarez Abad
Delegado provincial de Pontevedra

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Orde do 25 de novembro de 1994 pola que se aproba o regulamento da denominación de orixe Monterrei e do seu consello regulador.

Por orde do 3 de decembro de 1992, modificada pola Orde do 2 de xuño de 1993, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recoñeceu a denominación de orixe Monterrei para os viños producidos nesta comarca vitivinícola, e nomeuse o seu consello regulador provisional.

Entre as funcións asignadas a este consello figuraba a redacción do proxecto de regulamento particular da denominación, que elevaría á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para a súa aprobación.

En consecuencia, unha vez cumprida a devandita obriga, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1993, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1.

Recoñécese con carácter definitivo a denominación de orixe Monterrei e apróbase o seu regulamento co texto articulado que figura como anexo da presente orde.

Artigo 2.

Dispónse a publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*, figurando como anexo desta o

regulamento da denominación de orixe Monterrei e do seu consello regulador, así como a súa remisión ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para os efectos da súa ratificación e defensa nos ámbitos nacionais e internacionais.

Disposición transitoria

O consello regulador provisional da denominación de orixe Monterrei asumirá a totalidade das funcións que lle corresponden segundo o capítulo VII deste regulamento, continuando os seus compoñentes nos seus cargos respectivos ata que o dito consello regulador quede constituído de acordo co establecido no artigo 31 do mencionado regulamento.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias para dicta-las normas precisas para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 1994.

Tomás Pérez Vidal
Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

ANEXO

Regulamento da denominación de orixe Monterrei e do seu consello regulador

CAPÍTULO I Xeneralidades

Artigo 1.

De acordo co disposto na Lei 25/1970, do 2 de decembro, do estatuto da viña, do viño e dos alcohois, e no seu regulamento, aprobado por Decreto 835/1972, do 23 de marzo, así como no Real decreto 157/1988, do 22 de febreiro, polo que se establece a normativa a que deben axustarse as denominacións de orixe e os seus respectivos regulamentos, e as disposicións establecidas pola Comunidade Económica Europea para que os viños de calidade producidos en rexións determinadas, queden protexidos coa denominación de orixe Monterrei os viños e mostos que, cumprindo as características definidas neste regulamento, cumpran na súa produción, elaboración e comercialización tódolos requisitos esixidos nel e a lexislación vixente que lles afecte.

Para a aplicación da normativa anterior terase en conta o que establece o Real decreto 4.189/1982, do 29 de decembro, de transferencia de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de denominacións de orixe, viticultura e enolexía.

Artigo 2.

1.-A protección outorgada por esta denominación de orixe esténdese á mención Monterrei e ós nomes

das subzonas, termos municipais e parroquias que compoñen as zonas de produción, de acordo co disposto nos artigos 81 e seguintes da Lei 25/1970 e demais lexislación aplicable. Así mesmo a dita protección esténdese ás expresións en galego e castelán das mencións xeográficas citadas.

2.-Para que os viños amparados poidan levar no etiquetado o nome dunha das subzonas definidas neste regulamento, será requisito imprescindible que a materia prima proceda integramente dela e que a elaboración se realice no seu interior.

3.-Queda prohibido noutros viños non amparados a utilización de nomes, termos, mencións e signos que pola súa similitude fonética ou gráfica cos protexidos poidan inducir a confusión cos que son obxecto desta regulamentación, aínda no caso de que vaian precedidos de termos como «tipo», «estilo», «embotellado en», «con adega en» ou outros semellantes.

Artigo 3.

A defensa da denominación de orixe Monterrei, a aplicación do seu regulamento, a vixilancia do cumprimento del, así como o fomento e control da calidade dos viños amparados, quedan encomendados ó consello regulador da denominación de orixe Monterrei, á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia e ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas respectivas competencias.

CAPÍTULO II Da produción

Artigo 4.

1.-A zona de produción dos viños protexidos pola denominación de orixe Monterrei está constituída polos terreos que o consello regulador considere aptos para a produción de uvas das variedades que se indican no artigo 5, coa calidade necesaria para obter viños das características específicas dos amparados pola denominación, e que se encontren situados nos termos municipais e lugares que compoñen as subzonas seguintes:

Subzona Val de Monterrei: as parroquias de Castrelo do Val, Pepín e Nacedo do Val do concello de Castrelo do Val; as parroquias de Albarellos, Infesta, Monterrei e Vilaza do concello de Monterrei; as parroquias de Oímbra, Rabal, O Rosal e San Cibrao do concello de Oímbra e as parroquias de Abedes, Cabreiroá, Feces de Abaixo, Feces de Cima, Mandín, Mourazos, Pazos, Queizás, A Rasela, Tamagos, Tamaguelos, Tintores, Vilela, Verín e Vilarmaior do concello de Verín.

Subzona Ladeira de Monterrei: comprende as parroquias de Gondulfes e Servoi do concello de Castrelo do Val; as parroquias das Chas e A Granxa do concello de Oímbra; as parroquias de Flariz, Medeiros, Mixós, Estevesiños e Vences, do concello de Monterrei, e a parroquia de Queirugás no concello de Verín.

2.-A cualificación dos terreos para os efectos da súa inclusión na zona de produción, efectuarán o consello regulador e deberán quedar delimitados na correspondente documentación cartográfica.

Artigo 5.

1.-A elaboración dos viños protexidos realizarase con uva das variedades seguintes:

a) Brancas: Dona Branca, Godello, Treixadura, Palomino.

b) Tintas: Mencía, Merenzao (María Ordoña ou Bastardo), Gran Negro, Garnacha Tintorera.

Son variedades preferentes: Dona Branca, Godello e Treixadura entre as brancas; Mencía e Merenzao (María Ardoña o Bastardo) entre as tintas.

2.-As variedades Gran Negro e Garnacha Tintorera entre as tintas e Palomino entre as brancas, poderán utilizarse na elaboración de viñedos protexidos, de forma transitoria, durante un período de sete anos, contados a partir da data de publicación deste regulamento no *Diario Oficial de Galicia*.

3.-O consello regulador poderá propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia que sexan autorizadas novas variedades que, previamente ós ensaios e experiencias convenientes, se comprobe que producen mostos de calidade, aptos para a elaboración de viños protexidos; determinándose en cada caso a súa inclusión como preferente ou como autorizada.

Artigo 6.

1.-Con carácter xeral as prácticas culturais tenderán a optimizar a calidade das producións.

2.-A densidade de plantación estará obrigatoriamente entre 3.700 cepas por hectárea como mínimo e 5.000 cepas por hectárea como máximo.

3.-Os sistemas de poda serán os seguintes:

a) O tradicional sistema de poda en vaso grego e as súas variantes con poda en polgares e un máximo de 16 xemas.

b) Poderase efectuar a poda en espaleira ou liñas convenientemente separadas do chan polo sistema de dobre cordón a tres polgares por brazo, ou polo sistema de vara e polgar (Guyot).

4.-O número máximo de xemas por hectárea será de 70.000 para as variedades: Godello, Treixadura, Mencía e Merenzao (María Ordoña ou Bastardo), e de 55.000 xemas por hectárea para as variedades: Dona Branca, Palomino, Gran Negro e Garnacha Tintorera.

5.-A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá autorizar, por proposta do consello regulador, a aplicación de novas prácticas culturais, tratamentos ou labores que, constituíndo un avance da técnica vitícola, se comprobe que non afectan de forma desfavorable á calidade da uva ou do viño producido.

6.-As disposicións precedentes axustaranse ós límites máximos de produción establecidos no artigo 8 deste regulamento.

Artigo 7.

1.-A vendima realizarase co maior esmero e para a elaboración dos viños protexidos dedicarase exclusivamente uva sa, co grao de madurez necesario.

2.-A graduación alcohólica mínima potencial das partidas de uva será a seguinte:

10º para os viños brancos e tintos Monterrei.

10,50º para os viños brancos e tintos Monterrei selectos.

3.-Para cada campaña o consello regulador dictará as normas necesarias para conseguir a optimización da calidade.

4.-O consello regulador determinará a data de iniciación da vendima e acordará as normas sobre o ritmo de recolección, co fin de que esta se efectúe en conxancia coa capacidade de absorción das adegas, así como as normas para o transporte da uva.

Artigo 8.

1.-A produción máxima admitida por hectárea será:

130 Qm por hectárea para as variedades Dona Branca, Palomino, Gran Negro e Garnacha Tintorera.

110 Qm por hectárea para as variedades Godello, Treixadura, Mencía e Merenzao (María Ordoña ou Bastardo).

Estes límites podarán ser modificados en determinadas campañas polo consello regulador, por iniciativa propia ou por petición dos viticultores da parroquia ou parroquias interesadas na medida, efectuada con anterioridade á vendima, logo dos asesoramentos e comprobacións que se precisen. No caso de que tal modificación se produza, ela non podará supera-lo 25% dos límites fixados.

2.-A uva procedente de parcelas con rendementos superiores ó límite autorizado, non poderá ser empregada para a elaboración de viños protexidos por esta denominación, debendo adopta-lo consello regulador as medidas de control necesarias para aseguralo cumprimento deste precepto.

Artigo 9.

1.-Para a autorización pola autoridade competente de novas plantacións, substitucións e replantacións de viñedos situados na zona de denominación de orixe, será preceptivo o informe previo do consello regulador que deberá determina-la posibilidade de inscrición no rexistro correspondente.

2.-Non se admitirá a inscrición no rexistro de viñas do consello regulador de novas plantacións mixtas que conteñan algunha variedade distinta das autorizadas para a elaboración dos viños protexidos e recollidas no artigo 5 desta regulamentación.

3.-As uvas procedentes de parcelas nas que existan distintas variedades só poderán destinarse á elaboración dos viños brancos ou tintos que vaian ser protexidos pola denominación se a absoluta separación de variedades é posible na vendima.

CAPÍTULO III

Da elaboración

Artigo 10.

1.-As técnicas empregadas na manipulación de uva, do mosto e do viño, no control da fermentación e no proceso de conservación, tenderán a obter produtos da máxima calidade, mantendo os caracteres tradicionais dos tipos de viños amparados pola denominación de orixe Monterrei.

2.-Na produción de mosto seguiranse as prácticas tradicionais aplicadas cunha moderna tecnoloxía, orientada á mellora da calidade do produto final. Aplicaranse presións adecuadas para a extracción do mosto e do viño e a súa separación dos bagazos, de maneira que o rendemento non sexa superior a 65 litros de mosto por cada 100 quilogramos de vendima para as variedades brancas e 70 litros por cada 100 quilogramos para as variedades tintas.

3.-As fraccións de mosto ou viño obtidas por presións inadecuadas non poderán, en ningún caso, ser destinadas á elaboración de viños protexidos.

4.-En particular, prohibese, para a elaboración de viños protexidos pola denominación de orixe Monterrei, a utilización de prensas coñecidas como «continuas» nas que a presión é exercida por un torno de Arquímedes no seu avance sobre un contrapeso.

5.-Para a extracción do mosto só podarán utilizarse sistemas mecánicos que non danen ou dilaceren os compoñentes sólidos do acio, quedando prohibido o emprego de máquinas estrulladoras de acción centrífuga de alta velocidade.

6.-Na elaboración dos viños protexidos non se poderán utilizar prácticas de prequentamento da uva, ou quentamento dos mostos ou dos viños en presenza de bagazos, tendentes a forza-la extracción de materia colorante.

7.-Os límites fixados neste artigo poderán ser modificados excepcionalmente en determinadas campañas polo consello regulador, ben por propia iniciativa ou por petición dos elaboradores inscritos, logo dos informes técnicos e comprobacións necesarias.

CAPÍTULO IV

Cualificación e características dos viños

Artigo 11.

1.-Tódolos viños elaborados nas adegas inscritas, para poder facer uso da denominación de orixe Monterrei, deberán superar un proceso de cualificación de acordo co disposto no Regulamento (CEE) 823/1987, do Consello, do 16 de marzo, polo que se establecen disposicións específicas relativas ós viños de calidade producidos en rexións determinadas e no Real decreto 157/1988, do 22 de febreiro, polo que se establece a normativa a que deben axustarse as denominacións de orixe cualificadas de viños e os seus respectivos regulamentos.

2.-O proceso de cualificación efectuarase por cada partida ou lote homoxéneo e deberá ser realizada polo consello regulador, de acordo co disposto no artigo 37.

Constará dun exame analítico e un exame organoléptico, que dará lugar á cualificación, descualificación ou emprazamento da partida.

3.-Os viños cualificados deberán mante-las cualidades organolépticas características deles, en especial en canto a cor, aroma e sabor. En caso de que se detecte algunha alteración nestas características en detrimento da calidade ou que na súa elaboración se incumprisen os preceptos deste regulamento ou os establecidos na lexislación vixente, o viño será descualificado polo consello regulador, o que implicará a perda da denominación.

Considerarase igualmente como descualificado calquera viño obtido pola mestura con outro, previamente descualificado.

4.-A descualificación dos viños podará ser realizada polo consello regulador en calquera fase da súa elaboración no interior da zona de elaboración.

A partir da iniciación do expediente de descualificación, o viño deberá permanecer en envases perfectamente identificados e rotulados, baixo o control do dito consello. Para calquera trasvase ou traslado do viño, será necesario poñelo en coñecemento do consello regulador, con antelación suficiente, para que se poidan tomar as medidas de control que coide necesarias.

Artigo 12.

Os tipos de viños amparados pola denominación de orixe Monterrei son:

a) Branco Monterrei: elaborado co 60% de uvas das variedades brancas preferentes citadas no artigo 5.1 deste regulamento e o 40% do resto das variedades brancas citadas no mencionado artigo.

Terán unha graduación alcohólica adquirida mínima en volume de 10%, unha acidez volátil máxima de 0,70 gramos por litro e un contido en sulfuroso non superior a 150 miligramos por litro.

b) Branco Monterrei superior: elaborado co 85% de uvas dunha das variedades brancas preferentes citadas no artigo 5.1 deste regulamento e o 15% de calquera do resto das variedades brancas preferentes recollidas no mencionado artigo.

A graduación alcohólica adquirida mínima en volume destes viños será do 11%; cunha acidez volátil inferior a 0,65 g por litro e un contido en sulfuroso inferior a 140 miligramos por litro.

c) Tinto Monterrei: elaborado cun 60% de uvas das variedades tintas preferentes no artigo 5.1 deste regulamento e o 40% do resto das variedades tintas recollidas no mencionado artigo.

Terán unha graduación alcohólica adquirida en volume mínima de 10%, cunha acidez volátil máxima de 0,7 g por litro e un contido en sulfuroso non superior a 140 miligramos por litro.

d) Tinto Monterrei superior: elaborado co 85% de uvas dunha das variedades tintas preferentes citadas no artigo 5.1 desta regulamento e o 15% da outra variedade preferente recollida no mencionado artigo.

A graduación alcohólica volátil adquirida en volume mínima será de 10,5%; cunha acidez volátil máxima de 0,65 g por litro e un contido en sulfuroso non superior a 130 miligramos por litro.

CAPÍTULO V Rexistros

Artigo 13.

1.-O consello regulador levará os seguintes rexistros:

- a) Rexistro de viños.
- b) Rexistro de adegas de elaboración.
- c) Rexistro de adegas de almacenamento.
- d) Rexistro de adegas embotelladoras.

2.-Para poder optar a inscribirse nos ditos rexistros, as adegas e instalacións deberán estar situadas nas unidades xeográficas relacionadas no artigo 4.1 desta regulamento.

3.-As solicitudes de inscrición dirixiranse ó consello regulador, nos impresos que dispoña o consello regulador, xuntando os datos, documentación e comprobantes que en cada caso sexan requiridos polas disposicións e normas vixentes.

Formulada a petición, as parcelas ou as adegas, deberán ser inspeccionadas polo persoal técnico que designe o consello regulador, co fin de comprobar as súas características e se reúnen as condicións esixidas por este regulamento.

4.-O consello regulador denegará, de maneira motivada, as inscricións que non se axusten ó preceptuado neste regulamento ou ós acordos adoptados por aquel sobre condicións complementarias de carácter técnico que deban reunir as viñas e adegas.

5.-A inscrición nestes rexistros non exime ós interesados da obriga de inscribirse naqueloutros que, con carácter xeral, estean establecidos na lexislación vixente, e en especial no Rexistro de Industrias Agroalimentarias e no de Embotelladores e Envasadores, se é o caso, o que deberá acreditarse, con anterioridade á inscrición nos rexistros do consello regulador.

Artigo 14.

1.-No rexistro de viños, unicamente podarán inscribirse aquelas situadas na zona de produción e das que a uva poida ser destinada á elaboración dos viños protexidos.

2.-Na inscrición figurará o nome do propietario, e, se é o caso, o do colono, arrendatario ou calquera outro titular do dominio útil; o nome da viña, lugar, parroquia e termo municipal na que está situada; superficie en produción, marco de plantación, variedade ou variedades do viñado, idade do viñado así como os porta enxertos e cantos datos sexan necesarios para a súa correcta clasificación e localización.

3.-Coa solicitude de inscrición xuntarase un plano ou deseño acotado, detallado, segundo determine o consello regulador, das parcelas obxecto dela, e a autorización de plantación expedida pola autoridade competente.

4.-O consello regulador entregará ós viticultores inscritos unha credencial da dita inscrición.

3.-A inscrición no rexistro de viños é voluntaria así como a correspondente baixa del. Unha vez producida esta, deberán transcorrer 5 anos antes de que o viñado en cuestión poida volver a inscribirse, salvo cambio de titularidade.

Artigo 15.

1.-No rexistro de adegas de elaboración inscribíranse todas aquelas que, situadas na zona de produción, vinifiquen uvas procedentes de viñas inscritas, e das que os viños poidan optar ó uso da denominación de orixe e que cumpran tódolos requisitos que estipula este regulamento ou que acorde o consello regulador.

2.-Na inscrición figurará: o nome da empresa; lugar, localidade e municipio onde estea situada; características, número, capacidade dos envases e maquinaria; sistema de elaboración e demais datos necesarios para a debida identificación e catalogación da adega.

En caso de que a empresa elaboradora non sexa propietaria dos locais, farase constar, acreditando esta circunstancia, así como a identidade do propietario.

3.-Coa solicitude de inscrición xuntarase un plano ou deseño acotado, a escala conveniente, onde se reflicten tódolos detalles de construción e instalacións.

Artigo 16.

No rexistro de adegas de almacenamento inscribíranse todas aquelas situadas na zona de produción que vaian dedicarse ó almacenamento de viños amparados pola denominación de orixe. Na inscrición figurarán os datos ós que se fai referencia no artigo 15.

Artigo 17.

No rexistro de adegas embotelladoras inscribíranse tódalas que, encontrándose situadas no interior da zona de produción, vaian dedicarse ó embotellado do viño amparado pola denominación de orixe Monterrei. Na inscrición figurarán os datos a que se refire o artigo 15 ademais dos correspondentes a instalacións e maquinaria de estabilización e embotellado, así como superficie e capacidade delas.

Artigo 18.

1.-Para a vixencia das inscricións nos correspondentes rexistros será indispensable cumprir en todo momento cos requisitos que impón o presente capítulo, debendo comunicar ó consello regulador calquera variación que afecte ós datos subministrados na inscrición, cando esta se produza. En consecuencia o consello regulador podará suspender ou anular as inscricións cando os titulares destas non se atean a tales preceptos.

2.-O consello regulador efectuará inspeccións periódicas para compraba-la efectividade do dispo-

to no presente capítulo, quedando facultado para adoptar as medidas necesarias.

3.-Tódalas inscricións nos diferentes rexistros serán voluntarias e renovaranse no prazo e maneira que determine o consello regulador.

CAPÍTULO VI Dereitos e obrigas

Artigo 19.

1.-Só as persoas físicas ou xurídicas que teñan inscritos os seus viñedos ou instalacións nos rexistros indicados no artigo 13 poderán producir uvas con destino á elaboración de viños ou elaborar, almacenar e embotella-los amparados pola denominación de orixe Monterrei.

2.-Soamente poderá aplicarse a denominación de orixe Monterrei ós viños procedentes de adegas inscritos nos rexistros correspondentes, producidos e elaborados con conforme ás normas esixidas por este regulamento e que reúnan as condicións enolóxicas e organolépticas que deban caracterizalos.

3.-O dereito ó emprego do nome da denominación de orixe Monterrei en propaganda, publicidade, documentación ou etiquetas é exclusivo das firmas inscritas nos rexistros do consello regulador.

4.-Toda persoa física ou xurídica inscrita nalgún dos devanditos rexistros queda obrigada ó cumprimento das disposicións deste regulamento e dos acordos que, dentro das súas competencias, dicten a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, e o consello regulador da denominación de orixe Monterrei, así como a satisfacen as exaccións que lles correspondan.

Artigo 20.

1.-As persoas físicas ou xurídicas que teñan inscritas viñas ou adegas só poderán ter almacenadas as súas uvas, mostos ou viños nos terreos ou locais declarados nos rexistros, perdendo en caso contrario o dereito á denominación.

2.-Nas adegas inscritas nos distintos rexistros do consello regulador que se recollen no artigo 13 deste regulamento, non poderá realizarse a elaboración, almacenamento ou manipulación de uvas, mostos ou viños obtidos de uvas procedentes de superficies vitícolas situadas fóra da zona de produción da denominación de orixe.

3.-Sen embargo, nas distintas adegas inscritas, autorízase a recepción de uvas, a elaboración e almacenamento de viños que procedan da zona de produción, aínda cando non procedan de viñedos inscritos, sempre que estas operacións, así como a manipulación e almacenamento dos produtos obtidos, realícese de forma separada dos que opten a ser amparados pola denominación.

Artigo 21.

As marcas, símbolos, emblemas, lendas publicitarias ou calquera outro tipo de propaganda que se

empregue, aplicada ós viños con denominación de orixe Monterrei non poderán ser utilizadas, nin sequera polos propios titulares, na comercialización doutros viños ou bebidas derivadas do viño.

Artigo 22.

1.- Nas etiquetas dos viños embotellados figurará sempre de maneira destacada a mención Denominación de Orixe Monterrei ademais dos datos que con carácter xeral se determinen na lexislación aplicable.

2.- As mencións no etiquetado relativas a subzonas, variedades de vide, ano de colleita e demais facultativas, axustaranse ó disposto neste regulamento e á lexislación aplicable que lles afecte. (Real decreto 157/1988, normativa á que deben axustarse as denominacións de orixe e os seus respectivos regulamentos; Regulamento (CEE) 2.392/1989, polo que se establecen as normas xerais para a designación e presentación dos viños e mostos de uva; Regulamento (CEE) 3.201/1990, sobre modalidades de aplicación para a designación e presentación dos viños e mostos de uva).

3.- Antes da posta en circulación de etiquetas, estas deberán ser autorizadas polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei para os efectos que se relacionen con este regulamento. Será denegada a aprobación daquelas etiquetas que por calquera causa poidan dar lugar a confusión no consumidor, así como poderá ser anulada a autorización dunha xa concedida anteriormente se variasen as circunstancias da firma propietaria dela, logo de audiencia ó interesado, todo iso sen prexuízo das competencias que correspondan á Dirección Xeral de Política Alimentaria en materia de supervisión do incumprimento das normas xerais de etiquetado.

4.- Tódolos envases nos que se expidan os viños con destino ó consumo irán provistos de precintos de garantía, etiquetas ou contraetiquetas numeradas, expedidas polo consello regulador, que deberán ser colocadas na propia adega de acordo coas normas que determine o consello, sempre de maneira que non permitan unha segunda utilización.

5.- No caso dos embotelladores por encargo, deberá figurar sempre o nome ou a razón social do embotellador, sen que se admita para os viños protexidos por esta denominación de orixe, a súa substitución polo número de Rexistro de Embotelladores e Envasadores de Viños e Bebidas Alcohólicas.

6.- O consello regulador adoptará e rexistrará un emblema como símbolo da denominación de orixe Monterrei logo da aprobación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.

7.- Así mesmo, o consello regulador poderá facer obrigatorio que no exterior das adegas inscritas, e en lugar destacado, figure unha placa que reproduza o logotipo da denominación.

Artigo 23.

Toda expedición de uva, mosto, viño ou calquera outro produto da uva ou subproduto da vinificación que teña lugar entre firmas inscritas, aínda pertencentes á mesma razón social, deberá ir acompañada,

ademais de pola documentación establecida na lexislación vixente, por un volante de circulación entre adegas expedido polo consello regulador con anterioridade á súa execución, aínda nos casos en que a expedición se efectúe dunha adega inscrita a outra non inscrita.

Artigo 24.

Os viños embotellados, amparados pola denominación de orixe Monterrei unicamente poden circular e ser expedidos polas adegas inscritas en tipos de envases que non prexudiquen a súa calidade e prestixio.

O consello regulador poderá determinar os tipos e medidas dos envases para a comercialización, facendo obrigatorio o seu emprego co fin de alcanzalos devanditos obxectivos.

Os envases deberán ser de vidro, das capacidades autorizadas pola Comunidade Económica Europea, con exclusión expresa das botellas de 1 litro.

Artigo 25.

O consello regulador controlará en cada campaña as cantidades de viños amparados pola denominación que poderán ser expedidos por cada firma inscrita nos rexistros de adegas, de acordo coa produción de uva propia ou adquirida, entradas de mostos ou viños doutras firmas inscritas e existencias de campañas anteriores.

Artigo 26.

O consello regulador facilitaralles ás persoas físicas ou entidades inscritas no rexistro de viñas un documento ou cartilla de viticultor, no que se exprese a superficie de viñado inscrita con desagregación de variedades, así como a produción máxima admisible para cada campaña, podendo establecerse outros datos que se consideren necesarios, co obxecto dunha mellor identificación e control. O dito documento irá acompañado de talonario con matriz, do que o viticultor, unha vez cuberto cos datos requiridos, entregará un exemplar á adega de elaboración inscrita, receptora da correspondente partida de uva, no momento da súa entrega ou acompañando ó transporte para os efectos de xustificarla orixe dela.

Artigo 27

1.- Co obxecto de poder controlala produción, elaboración e existencias, así como as calidades, tipos e canto sexa necesario para poder acreditarla calidade e a orixe dos viños, as persoas físicas ou xurídicas titulares das viñas e adegas estarán obrigadas a presentar ante o consello regulador as seguintes declaracións:

a) Tódolos inscritos no rexistro de viñas presentarán, unha vez finalizada a vendima e, en todo caso, antes do 30 de novembro de cada ano, declaración da colleita de uva obtida en cada un dos viñedos inscritos, indicando o destino da uva e, en caso de venda, o nome do comprador e o seu domicilio. Se se producen distintas variedades e tipos de uva, deberá declararse a cantidade de cada unha delas. As asociacións de viticultores poderán tramitar nun só documento a dita declaración, cunha relación anexa dos nomes, cantidades e demais datos correspondentes a cada socio.

b) Tódolos inscritos no rexistro de adegas de elaboración deberán declarar, antes do 30 de novembro de cada ano, a cantidade de mosto e viño obtido, especificando os diversos tipos que elaboren. Será obrigatorio consignar a procedencia da uva e, en caso de venda durante a campaña, o destino dos produtos que se expidan, indicando destinatario e cantidade. Mentres teña existencias deberá declarar mensualmente ó consello regulador as vendas efectuadas.

c) Tódolos inscritos no rexistro de adegas de almacenamento e de embotelladoras presentarán, dentro dos dez primeiros días de cada mes, unha declaración de entradas e saídas de produtos amparados durante o mes anterior, indicando a procedencia dos viños adquiridos. En todo caso distinguiranse os diferentes tipos de viños.

2.-As obrigas fixadas no apartado anterior non eximen ós interesados do cumprimento de efectuar as declaracións de existencias, produción e elaboración que se recollen con carácter xeral na regulamentación da Comunidade Económica Europea, e na Lei 25/1970, do estatuto da viña, do viño e dos alcohois e na demais normativa do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

CAPITULO VII Do consello regulador

Artigo 28

1.-O Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei é un organismo dependente da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, con carácter de órgano desconcentrado e con atribucións decisorias en cantas funcións se lle encomendan neste regulamento, de acordo co que determina o artigo 87 da Lei 25/1970, do 2 de decembro, do estatuto da viña, do viño e dos alcohois.

2.-O seu ámbito de competencia, sen prexuízo do establecido no artigo 20, estará determinado:

a) No territorial, pola zona de produción da denominación de orixe Monterrei.

b) En razón dos produtos, polos protexidos pola denominación en calquera das súas fases de produción, elaboración, circulación e comercialización.

c) En razón das persoas, polas inscritas nos diferentes rexistros.

Artigo 29.

É misión principal do consello regulador aplicar os preceptos deste regulamento e velar polo seu cumprimento, para o que exercerá as funcións que se recollen no artigo 87 da Lei 25/1970 e disposicións complementarias, así como as que expresamente se indican no articulado desta regulamento.

Artigo 30.

O consello regulador queda expresamente autorizado para vixiar o movemento de uvas, mostos e

viños non protexidos pola denominación de orixe que transiten, se elaboren ou comercialicen dentro da zona de produción, dando conta das actuacións desenvolvidas á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, sen prexuízo da intervención dos organismos competentes no devandito control.

Artigo 31.

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei estará constituído por:

a) Un presidente.

b) Un vicepresidente.

c) Cinco vocais en representación do sector vitícola, titulares de viñedos inscritos no rexistro de viñas do consello regulador, debendo estar representados tanto os viticultores individuais como os adheridos a cooperativas e sociedades agrarias de transformación. En calquera caso, deberá existir representación das subzonas definidas neste regulamento.

d) Cinco vocais en representación do sector vinícola, titulares de adegas inscritas nos rexistros do consello regulador. Deberán estar representadas as subzonas definidas neste regulamento.

e) Dous vocais técnicos con especiais coñecementos sobre viticultura e enoloxía, un en representación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e outro en representación da Consellería de Industria e Comercio, que asistirán ás reunións do consello regulador con voz pero sen voto.

2.-O presidente e vicepresidente serán designados polo conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes a proposta dos vocais electos.

O presidente será elixido entre os propostos por un dos sectores, e o vicepresidente, de entre os propostos polo outro sector.

3.-Por cada un dos vocais dos sectores vitícola e vinícola do consello regulador designarase un suplente, elixido da mesma forma que o titular.

4.-Os vocais do consello regulador serán renovados cada catro anos e poderán ser reelixidos.

5.-No caso de cesamento dun vocal, por calquera causa legal, a súa vacante será cuberta polo substituto, que permanecerá no seu cargo ata que se celebre a seguinte renovación do consello regulador.

6.-O prazo para a toma de posesión dos vocais será como máximo de un mes, a contar desde a data da súa proclamación.

7.-Causará baixa o vocal que durante o período de vixencia do seu cargo sexa sancionado por infracción nas materias que regula este regulamento, ben persoalmente, ou ben a firma á que representa. Igualmente, causará baixa por ausencia inustificada a dúas sesións consecutivas ou tres alternas no período de un ano, ou por causar baixa nos rexistros do consello regulador, ou por perder a súa vinculación co sector que o elixiu ou coa sociedade á que pertencese.

Artigo 32.

Os vocais elixidos da maneira que se determina no artigo anterior deberán estar vinculados ós sectores que representan, ben directamente, ou por ser directivos de sociedades que se dediquen ás actividades aquí reguladas. Non obstante, unha mesma persoa física ou xurídica inscrita en varios rexistros do consello regulador non poderá ter neste representación dobre.

Artigo 33.

1.-Ó presidente correspóndelle:

a) Representar ó consello regulador. Esta representación podará delegala de maneira expresa nos casos que sexa necesario.

b) Cumprir e facer cumprir-las disposicións legais e regulamentarias.

c) Administra-los ingresos e fondos do consello regulador e ordena-los pagamentos, de acordo coas decisións tomadas polo pleno.

d) Convocar e presidi-las sesións do consello, sinala-la orde do día, sametendo á súa decisión os asuntos da súa competencia e executa-los acordos adoptados.

e) Propoñer ó consello regulador a organización do réxime interior do consello.

f) Contratar, suspender ou renova-lo perseal do consello regulador, logo de aprobación do pleno del.

g) Organizar e dirixi-los servicios.

h) Informa-los organismos superiores das incidencias que na produción e mercado se produzan.

i) Remitir á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia e a outros organismos interesados, aqueles acordos que, para cumprimento xeral, acorde o consello en virtude das atribucións que lle confire este regulamento e aqueles que pola súa importancia coide que deben ser coñecidos por eles.

j) Aqueloutras funcións que o consello acorde ou que lle encomende a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

2.-A duración do mandato do presidente será de catro anos e podará ser reelixido.

3.- O presidente cesará:

a) Ó expira-lo termo do seu mandato.

b) Por petición propia, unha vez aceptada a súa demisión.

c) Por decisión da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo de incoación e resolución de expediente para o efecto, por incorrer nalgunha das causas xerais de incapacidade establecidas na lexislación vixente ou por perda de confianza do pleno.

d) Polas demais causas recoñecidas no ordenamento xurídico.

4.-En caso de cesamento ou falecemento, o consello regulador, no prazo de dous meses, propoñerá un candidato para a designación de novo presidente,

comunicándollo á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a súa designación.

5.-As sesións de constitución do consello regulador e as que teñan por obxecto a elección dun presidente serán presididas por unha mesa de idade composta polo vocal de maior idade e dous máis novos.

Artigo 34.

Correspóndelle ó vicepresidente do consello regulador substituír ó presidente en casos de ausencia, enfermidade e nos demais previstos neste regulamento.

No exercicio das súas funcións como presidente, o vicepresidente terá as competencias e abrigas daquel.

Artigo 35.

1.-O consello reunirse cando o convoque o presidente, ben por propia iniciativa ou por petición da metade dos vocais, sendo obrigatorio celebrar sesión, polo menos, unha vez ó trimestre.

2.-As sesións do consello regulador convocaranse con oito días de antelación polo menos, debendo acompañar á citación a orde do día para a reunión, na que non se poderá tratar máis asuntos que os previamente sinalados.

En caso de necesidade, cando así o requira a urxencia do asunto a xuízo do presidente, citarase ós vocais polos medios adecuados, con vintecatro horas de anticipación como mínimo.

Para a inclusión na orde do día dun asunto determinado non incorporado polo presidente, citarase ós vocais polos medios adecuados, con vintecatro horas de anticipación como mínimo.

O consello regulador quedará validamente constituído, cando estean presentes a totalidade dos seus membros e así o acorden por unanimidade.

3.-Cando un titular non poida asistir notificarallo ó consello regulador, para os efectos de que poida ser substituído polo seu suplente.

4.-Os acordos do Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei adoptaranse por maioría dos membros presentes, e para a validez deles será necesario que concorran máis da metade dos seus membros con dereito a voto. O presidente terá voto de calidade.

5.-Para resolver cuestións de trámite, ou naqueles casos nos que se coide necesario, podará constituírse unha comisión permanente, que estará formada polo presidente e dous vocais titulares designados polo pleno do organismo, un en representación de cada sector.

Na sesión en que se acorde a constitución da devandita comisión permanente aprobaranse tamén as misións específicas que lle competen e as funcións que exercerá.

Tódalas resolucións que tome a comisión permanente serán comunicadas ó pleno do consello na primeira reunión que este celebre.

O pleno do consello regulador poderá, así mesmo, establecer outra comisión para tratar ou resolver asuntos concretos.

Artigo 36.

1.-Para o cumprimento dos seus fins, o consello regulador contará co perscal necesario conforme ós cadros de persoal aprobados polo consello regulador e que figuren dotados no seu orzamento.

2.-O consello regulador terá un secretario, designado polo propio consello, por proposta do presidente, do que dependerá directamente, e que terá como cometidos específicos os seguintes:

a) Prepara-los traballos do consello e tramita-la execución dos seus acordos.

b) Asistir ás sesións con voz, pero sen voto, cursa-las convocatorias, levanta-las actas e custodia-los libros e documentos do consello.

c) Os asuntos relativos ó réxime interior do consello tanto de perseal como administrativo.

d) Actuar como instructor nos expedientes sancionadores incoados polo consello regulador.

e) As demais funcións que lle encomede o presidente relacionadas coa preparación e instrumentación dos asuntos da competencia do consello regulador.

3.-Para as funcións técnicas que teñen encomendadas, o consello contará cos servicios necesarios.

4.-Para os servicios de control e vixilancia contará con inspectores propios. Estes instructores serán designados polo consello regulador e habilitados, logo de solicitude do consello regulador, pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, coas seguintes funcións inspectoras:

a) Sobre os viñedos situados na zona de produción.

b) Sobre as adegas situadas na zona de produción.

c) Sobre os viños protexidos na zona de produción.

5.-O consello regulador poderá contratar, para efectuar traballos urxentes, o persoal necesario, sempre que teña aprobada no orzamento a dotación para este concepto.

6.-A todo o persoal do consello, tanto de carácter fixo como eventual, seralle de aplicación a lexislación laboral vixente.

Artigo 37.

1.- O consello establecerá un comité de cualificación dos viños, formado por cinco expertos, como mínimo, e un delegado do presidente do consello, que terá como cometido a realización das funcións recollidas no artigo 12 deste regulamento. Este comité poderá contar cos asesoramentos técnicos que coide necesarios.

2.-Por proposta do consello regulador, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes dictará normas relativas á constitución e funcionamento do comité de cualificación dos viños protexidos por esta denominación de orixe, así como normas de desenvolvemento do disposto no artigo 11 deste regulamento.

Artigo 38.

1.-O financiamento das obrigas do consello efectuarase cos seguintes recursos:

1.1.-Co produto das exaccións parafiscais que se fixan no artigo 90 da Lei 25/1970, ás que se aplicarán os tipos seguintes:

a) 1 por 100 á exacción sobre plantacións.

b) 1,5 por 100 á exacción sobre produtos amparados comercializados.

c) Por expedición de certificacións ou visado de facturas haberá que aterse ó establecido en cada caso pola normativa correspondente.

d) O dobre do prezo de custo sobre os precintos, ou contraetiquetas.

Os suxeitos pasivos de cada unha das exaccións son:

Da a), os titulares das plantacións inscritas.

Da b), os titulares das adegas inscritas que expidan viño amparado pola denominación ó mercado.

Da c), os titulares das adegas inscritas solicitantes de visados, de facturas ou certificados.

Da d), os titulares de empresas solicitantes de precintos ou contraetiquetas.

1.2.-As subvencións, legados e donativos que reciban.

1.3.-As cantidades que puidesen percibirse en concepto de indemnizacións por danos e perdas ocasionados ó consello ou intereses que representa.

1.4.-Os bens que constitúen o seu patrimonio e os produtos e vendas del.

2.-Os tipos impositivos fixados neste artigo poderán ser variados, por proposta do consello regulador, pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, dentro dos límites sinalados no artigo 90 da Lei 25/1970, e no seu regulamento aprobado por Decreto 835/1972, do 23 de marzo, cando as necesidades orzamentarias do consello así o aconsellen.

3.-A xestión dos ingresos e gastos que figuren nos orzamentos corresponde ó consello regulador.

4.-A aprobación dos orzamentos do consello regulador e da súa contabilidade será efectuada pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, de acordo coas normas establecidas por este centro e coas atribucións e funcións que lle asigne a lexislación vixente na materia.

Artigo 39.

1.-Os acordos do consello regulador que non teñan carácter particular e afecten a unha pluralidade de suxeitos poderán notificarse mediante o envío de circulares ás adegas inscritas e expoñéndoa nas oficinas do consello regulador. Tamén se remitirán ás cámaras agrarias e ós concellos dos municipios incluídos dentro da zona de produción e ás organizacións legalmente constituídas do sector. A exposición das ditas circulares publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 42.

Segundo dispón o artigo 129.2 do Decreto 835/1972, do 23 de marzo, as infraccións cometidas polas persoas inscritas nos rexistros da denominación clasifícanse,

para efectos da súa sanción, na forma seguinte:

A) Faltas administrativas:

Son, en xeral, as inexactitudes e omisións nas declaracións, asentamentos, libros de rexistro, volantes de circulación e outros documentos de control que garanten a calidade e orixe dos produtos, e especialmente as seguintes:

1.-Inexactitudes e omisións de datos e comprobantes nos casos en que sexan precisos para a inscrición nos diferentes rexistros, sempre que non sexan determinantes para a inscrición.

2.-Non comunicar ó consello regulador, no prazo de un mes desde o momento en que se produza, calquera variación que afecte ós datos subministrados no momento da inscrición nos rexistros.

3.-Incumprimento por inexactitudes ou omisións do establecido neste regulamento e nos acordos do consello regulador sobre declaracións de colleita, elaboración e existencias de viños.

4.-O incumprimento do precepto de utiliza-lo documento comercial autorizado, así como a expedición de produtos sen ir acompañada da previa autorización de traslado do consello regulador.

5.-A falla de libros de rexistro, ou cantos outros documentos sexan obrigatorios conforme o presente regulamento.

6.-As restantes infraccións ó regulamento, ou ós acordos do consello regulador, na materia a que se refire este apartado A).

As faltas administrativas sancionaranse con apercibimento ou multa do 1 ó 10 por 100 da base por cada hectárea en caso de viñedos, ou do valor das mercadorías afectadas.

B) Infraccións ó establecido no regulamento sobre produción, elaboración e características dos viños protexidos.

Son as seguintes:

1.-O incumprimento das normas sobre prácticas de cultivo.

2.-Expedir ou utilizar para a elaboración dos produtos amparados, uva, mosto ou viño con rendementos superiores ós autorizados.

3.-Empregar na elaboración de viños protexidos, uva de variedades distintas ás autorizadas, ou uva de variedades autorizadas en proporcións distintas ás establecidas.

4.-O incumprimento das normas de elaboración dos viños.

5.-As restantes infraccións que se produzan contra o disposto no regulamento ou nos acordos do consello regulador, na materia a que se refire este apartado B).

Estas infraccións sancionaranse con multas do 2 ó 20 por 100 da base por cada hectárea, en caso de viñedos, ou do valor das mercadorías afectadas, e neste último caso poderá ser aplicado ademais o comiso.

C) Infraccións por uso indebido da denominación ou por actos que poidan causarlle prexuízo ou desprestixio.

Son as seguintes:

1.-A utilización de nomes comerciais, marcas, símbolos ou emblemas que fagan referencia a esta denominación de orixe ou ós nomes protexidos por ela na comercialización doutros viños ou doutros produtos de similar especie.

2.-O uso da denominación en viños que non fosen elaborados, producidos ou embotellados de acordo coas normas establecidas pola lexislación vixente e por este regulamento, ou que non reúnan as condicións enolóxicas e organolépticas que deban caracterizalos.

3.-O uso de nomes comerciais, marcas ou etiquetas non aprobadas polo consello regulador.

4.-As infraccións ó disposto no artigo 20 deste regulamento.

5.-A indebida tenza, negociación ou utilización de documentos, precintos, etiquetas, contraetiquetas, selos, etc., propios da denominación.

6.-A existencia de uvas, mostos ou viños en adegas inscritas, sen a preceptiva documentación que ampare a súa procedencia, ou a existencia en adega de documentos que acredite unhas existencias de uvas, mostos ou viños protexidos pola denominación sen a contrapartida destes produtos.

7.-A expedición de viños que non correspondan ás características de calidade mencionada nos seus medios de comercialización.

8.-A expedición, circulación ou comercialización de viños amparados en tipos de envases non aprobados polo consello regulador.

9.-A expedición, circulación ou comercialización de viños amparados pola denominación desprovistos dos precintos ou contraetiquetas numeradas ou carentes do medio de control establecido polo consello.

10.-Efectua-lo embotellado, precintado ou contraetiquetado de envases en locais que non sexan as adegas inscritas e autorizadas polo consello regulador ou non axustarse ós acordos do consello nesta materia.

11.-Falsear ou omitir nas declaracións para a inscrición nos distintos rexistros os datos e comprobantes que en cada caso sexan precisos, sempre que sexan determinantes para a inscrición.

12.-A manipulación, traslado ou disposición, en calquera forma, de mercadoría cautelarmente intervida polo consello regulador.

13.-O non pagamento das exaccións parafiscais previstas no artigo 38 por parte dos suxeitos pasivos de cada unha das devanditas exaccións.

14.-En xeral, calquera acto que contraveña o disposto neste regulamento ou nos acordos do consello regulador e que prexudique ou desprestixie a denominación ou supoña un uso indebido dela.

Estas infraccións sancionaranse con multa que irá desde vinte mil pesetas ata o dobre do valor da mercadoría ou produtos afectados, cando o dito valor supere aquela cantidade, levando aparelado o comiso do produto en cuestión.

D) Infraccións por obstrucción ás tarefas inspeccoras ou de control do consello regulador.

Son as seguintes:

1.-A negativa ou resistencia a subministra-los datos, facilita-la información ou a permiti-lo acceso á documentación requirida polo consello regulador ou os seus exentes autorizados, para o cumprimento das funcións de información, vixilancia, investigación, inspección, tramitación e execución nas materias a que se refire este regulamento, ou as demoras inxustificadas para facilita-los ditos datos, información ou documentación.

2.-A negativa á entrada ou permanencia dos axentes autorizados do consello regulador en viñedos, adegas e demais instalacións inscritas e os seus anexos.

3.-A resistencia, coacción, ameaza, represalia ou calquera outra forma de presión ós exentes autorizados do consello regulador, así como a tentativa de exercer tales actos, todo isto de conformidade co artigo 121 do Decreto 835/1972.

Estas infraccións sancionaranse de acordo co disposto no Real decreto 1.945/1983, do 22 de xuño.

Artigo 43

1.-Infraccións cometidas por persoas non inscritas nos rexistros do consello regulador, son:

a) Usar indebidamente a denominación de orixe Monterrei.

b) Utilizar nomes comerciais, marcas, expresións, signos e emblemas que pola súa identidade ou similitude gráfica ou fonética cos nomes protexidos pola denominación de orixe Monterrei, ou cos signos ou emblemas característicos dela, poidan inducir a confusión sobre a natureza e a orixe dos produtos, sen prexuízo dos dereitos adquiridos, que sexan debidamente recoñecidos polos organismos competentes.

c) Emprega-los nomes xeográficos protexidos pola denominación de orixe Monterrei en etiquetas e propaganda de produtos sen dereito á denominación, aínda que vaian precedidos polos termos «tipo» ou outros análogos.

d) Calquera acción que cause prexuízo ou desprestixio á denominación e tenda a producir confusión no consumidor respecto a ela.

2.-Estas infraccións sancionaranse con multa que irá dende vinte mil pesetas ata o dobre do valor da mercadoría, cando este valor supere aquela cantidade, ademais do seu comiso.

Artigo 44.-Para a aplicación das sancións previstas nos artigos anteriores terase en conta as seguintes normas:

1.-Aplicaranse no seu grao mínimo:

a) Cando se trate de simples irregularidades na observancia das regulamentacións, sen transcenden-

cia directa para os consumidores ou que non supoñan beneficio especial para o infractor.

b) Cando se emenden os defectos no prazo sinalado para isto polo consello regulador.

c) Cando se probe que non existiu mala fe.

2.-Aplicaranse no seu grao medio:

a) Cando se produza reiteración na negativa a: facilitar información, prestar colaboración ou permiti-lo acceso á documentación esixida por este regulamento ou polos acordos do consello regulador.

b) Cando a infracción teña transcendencia directa sobre o consumidor ou supoña beneficio especial para o infractor.

c) Cando non se emenden os defectos no prazo sinalado polo consello regulador.

d) Cando a infracción se produza por unha actuación negligente con inobservancia das normas de actuación expresamente acordados polo consello regulador.

e) En tódolos casos nos que non podeda a aplicación dos graos mínimo ou máximo.

3.-Aplicaranse no seu grao máximo:

a) Cando se probe manifesta mala fe.

b) Cando da infracción se deriven graves prexuízos para a denominación, os seus inscritos ou para os consumidores.

c) Cando se producise obstrucción ós exentes autorizados na investigación da infracción.

4.-Nos casos de infraccións tipificadas no punto 5 do apartado B) do artigo 42 e nos puntos 1, 2, 4, 5, 9, 10, 11, 12, 13 do apartado C) do artigo 42 poderase aplica-la suspensión temporal do dereito ó uso da denominación ou sancionar coa baixa nos rexistros dela.

A suspensión temporal, non superior a tres meses, do dereito ó uso da denominación levará consigo a suspensión do dereito a obter certificados de orixe, precintos, contraetiquetas e demais documentos do consello regulador. A baixa suporá a exclusión do infractor nos rexistros do consello regulador e, como consecuencia, a perda dos dereitos inherentes á denominación.

Artigo 45.

Considérase que hai reincidencia cando o infractor fose sancionado mediante resolución firme, por unha infracción das comprendidas no presente regulamento, durante os cinco anos anteriores.

No caso de reincidencia, as multas serán superiores nun 50% ás establecidas.

Se o reincidente cometese nova infracción, as multas poderán ser elevadas ata o triple.

Artigo 46.

Poderase aplica-lo comiso das mercadorías, como sanción única ou como accesoria doutra principal,

se é o caso, ou o pagamento do importe do seu valor cando o comiso non sexa factible.

Artigo 47.

1.-O procedemento sancionador poderá iniciarse en virtude das actas redactadas polos inspectores habilitados do consello regulador, por comunicación dalgunha autoridade ou órgano administrativo ou por denuncia formulada polos particulares sobre algún feito ou conducta que poidan ser constitutivos de infracción.

2.-As actas de inspección redactaranse por triplicado e serán subscrias polo inspector e o dono ou representante da firma, establecemento ou almacén ou encargado da custodia da mercadoría, en poder do que quedará unha copia da acta.

Ámbolos dous asinantes poderán consignar na acta cantos datos e manifestacións consideren convenientes para a estimación dos feitos que se consignan nel, así como de cantas incidencias ocorran no acto da inspección ou levantamento da acta.

As circunstancias consignadas polo vedor na acta consideraranse feitos probados, salvo que pola outra parte se demostre o contrario.

Se o interesado na inspección se negase a asina-la acta, o inspector farao constar así, procurando a sinatura dalgún axente da autoridade ou testemuña.

3.-En caso de que o inspector estime conveniente ou o dono da mercadoría ou representante dela, tomaranse mostras do produto obxecto de inspección. Cada mostra tomarase, alomenos, por triplicado e en cantidade suficiente para o exame e análise dela e precintárase e etiquetarase quedando unha en poder do dono ou do seu representante.

4.-Cando o inspector que redacte a acta o estime necesario poderá dispoñer que a mercadoría quede retida ata que o instructor do expediente dispoña o pertinente, dentro do prazo de corenta e cinco días hábiles a partir da data de redacción da acta de inspección.

As mercadorías retidas consideraranse como mercadorías en depósito, non podendo por tanto, ser trasladadas, manipuladas, ofrecidas en venda ou vendidas. No caso de que se estime procedente poderán ser precintadas.

5.-De acordo cos artigos 39 e 40 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o consello regulador poderá solicitar informes ás persoas que considere necesario ou facerlles comparecer para este fin nas oficinas nas que se tramiten as actuacións para aclarar ou complementalos extremos contidos nas actas levantadas polos inspectores e como dilixencia previa á posible incoación de expediente.

Artigo 48.

1.-A incoación e instrucción dos expedientes sancionadores corresponderá ó consello regulador cando o infractor estea inscrito nalgún dos seus rexistros.

2.-A resolución dos expedientes incoados polo consello regulador corresponderá ó propio consello cando a suma non exceda de 50.000 ptas. Se excedese desta cantidade, elevará a súa proposta á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Para os efectos de determina-la competencia a que se refire o apartado anterior, adiciónarase o valor do comiso ó importe da sanción.

3.-Nos expedientes de carácter sancionador incoados polo consello regulador actuará como instructor o secretario do consello e como secretario o letrado do consello ou, en caso de non habelo, unha persoa ó servizo del, asegurando, en todo caso, a adecuada separación entre as fases de instrucción e resolución, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4.-A decisión sobre o comiso definitivo dos produtos ou o destino destes corresponderá a quen teña atribuída a facultade de resolve-lo expediente.

5.-As infraccións a este regulamento prescriben ós cinco anos da súa comisión, polo que toda a documentación que a determina nel, respecto ós produtos a que se refire deberá ser conservada durante o devandito período.

Artigo 49.

1.-En tódolos casos en que a resolución do expediente sexa con sanción, o infractor deberá aboalos gastos orixinados pola toma e análise de mostra ou polo recoñecemento que se realizase e demais gastos que ocasione a tramitación e resolución do expediente.

2.-As multas deberán aboarse dentro do prazo de 15 días hábiles inmediatos ó da súa notificación, así como os gastos a que fai referencia o apartado anterior. No caso de non efectuarse no prazo citado, procederase ó seu cobro pola vía de constrinxemento.

Artigo 50.

Nos casos en que a infracción concerna ó uso indebido da denominación, o consello regulador, sen prexuíxo das actuacións e sancións administrativas pertinentes, poderá acudir ós tribunais de xustiza, exercendo as accións civís e penais oportunas recoñecidas.

Orde do 15 de decembro de 1994 pola que se establecen axudas para a realización de accións dirixidas á mellora da competitividade do sector productivo industrial da serraxe e doutros produtos forestais de Galicia, centros tecnolóxicos, parques de clasificación e comercialización da madeira e introducción de novas tecnoloxías.

O Plan Forestal de Galicia define as accións no sector forestal que deben dar lugar a unha xestión racional deste recurso natural renovable nos seus distintos ámbitos de ordenado aproveitamento.

O referido Plan Forestal fixa como meta operativa un modelo de monte que asegure ó fin do ano 2032 unha produción sostida total de madeira de 14.000.000 m³/ano.

O crecemento racional continuado da produción madeireira, pretendido polo Plan Forestal, nos seus corenta anos de vixencia, precisa do bo funcionamento e competitividade dun sector industrial de serraxe en Galicia, principal utilizador dos recursos forestais en materia prima, e sobre o que se apoian os restantes sectores de primeira e sucesivas transformacións.

Así mesmo, resulta prioritario o desenvolvemento e implantación de novas tecnoloxías neste sector industrial que melloren o rendemento e a eficacia dos procesos de produción, así como a investigación e descubrimento de novos produtos con orixe forestal que amplíen e diversifiquen a oferta do referido sector.

En virtude de todo iso e ó abeiro do Decreto 113/1987, modificado polos Decretos 157/1988, 219/1989 e 393/1990, do 19 de xullo, co obxecto de que os interesados dispoñan do máximo de tempo posible para realizaren as súas previsións de investimento e os seus proxectos técnicos; e consonte o artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º-Obxecto das axudas.

Poderán ser subvencionables os seguintes tipos de actuacións:

1) Investimentos en activos fixos materiais productivos que melloren a competitividade das empresas dedicadas á serraxe da madeira e procesos posteriores que posibiliten un incremento do seu valor engadido.

2) Investimentos en activos fixos materiais que permitan mellora-la estrutura comercial e os procesos de comercialización das empresas de serraxe da madeira.

3) Actuacións ou proxectos de investigación aplicada que teñan por obxecto o desenvolvemento de novas técnicas de aproveitamento na industria da serraxe, desde os labores de corta ata a transformación do produto final.

4) Investimentos en activos fixos materiais productivos que desenvolvan novas formas de aprovei-

tamento da materia prima de orixe forestal, a creación de novos produtos ou a implantación de procesos de transformación innovadores.

5) Investimentos en activos fixos materiais que permitan mellora-la estrutura comercial e o desenvolvemento dos procesos de comercialización das novas formas de aproveitamento, os novos produtos e procesos de transformación da materia prima de orixe forestal.

6) Accións de promoción e creación dun centro tecnolóxico da madeira en Galicia.

7) Actividades de difusión e extensión do uso de tecnoloxías aplicadas, promoción e demostración de resultados ás industrias de aproveitamento da materia prima de orixe forestal, organizados por empresas, asociacións de empresas e institucións.

8) Accións de formación dos traballadores e dos empresarios do sector, dirixidas ó desenvolvemento da capacidade empresarial e organizativa local.

9) Prospección de mercados nacionais e de exportación, realizados polas asociacións de empresas, entidades e institucións, que determinen a viabilidade de novos mercados de consumo e a comercialización externa para os produtos forestais transformados galegos.

Artigo 2º-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas e entidades públicas e privadas relacionadas total ou parcialmente co sector forestal, así como as agrupacións das referidas empresas, persoas físicas e institucións. Estas últimas deben reunir polo menos algunha das seguintes condicións:

-Carecer de ánimo de lucro.

-Ostentar recoñecida solvencia técnica ou científica.

-Estar avalados por equipos, departamentos ou entidades de contrastado nivel investigador.

Artigo 3º-Importe das axudas.

O importe máximo porcentual e total das axudas é o seguinte:

1.-Investimentos en activos fixos materiais de produción: 30%.

A contía máxima anual da subvención non superará os 30 millóns de pesetas.

2.-Investimentos en activos fixos materiais de mellora da estrutura e procesos de comercialización: 30%.

A contía máxima da subvención concedida terá como límite anual 30 millóns de pesetas.

3.-Investimentos en activos fixos materiais que desenvolvan novas formas de aproveitamento da materia prima de orixe forestal: 30%.

Establécese un límite anual por acción de 30 millóns de pesetas na subvención concedida.

4.-Actuacións ou proxectos de investigación aplicada que melloren ou desenvolvan novas técnicas de procesos productivos: 50%.

O límite máximo anual por subvención concedida será de 30 millóns de pesetas.

5.-Accións de promoción e creación do Centro Tecnolóxico da Madeira en Galicia: establécese unha subvención cun límite de axuda total concedida de 30 millóns de pesetas.

6.-Actividades de difusión e extensión do uso de tecnoloxías aplicadas, promoción e demostración de resultados: establécese a contía máxima concedida por acción en 6 millóns de pesetas sen que poida ser superado o 30% do orzamento total.

7.-Accións de formación dos traballadores e dos empresarios do sector dirixidas ó desenvolvemento da capacidade empresarial e organizativa local: establécese un límite máximo da axuda concedida por acción de 4 millóns de pesetas sen que poida ser superado o 30% do orzamento total.

8.-Prospección de mercados nacionais e de exportación, realizados polas asociacións de empresas, entidades e institucións e persoas físicas: establécese a contía máxima concedida por acción en 6 millóns de pesetas sen que poida ser superado o 30% do orzamento total.

Artigo 4º-Prioridades estratéxicas en canto á natureza das actuacións de investimento.

As prioridades serán as seguintes por orde preclusiva:

1.-Fusión de empresas para a creación de unidades de produción que teñan como obxectivo o incremento do valor engadido da madeira.

2.-Fusión de empresas para crear unidades productivas racionais de primeira transformación dos produtos con materia prima de orixe forestal.

3.-Investimentos colectivos coa finalidade de crear ou desenvolver unha estrutura comercial conxunta das producións galegas.

4.-Creación do Centro Tecnolóxico da Madeira de Galicia.

5.-Investimentos individuais que leven consigo a implantación de nova tecnoloxía ou da consecución de novos produtos ou formas de aproveitamento.

6.-Accións e proxectos de investigación aplicada.

7.-Actividades de formación de empresarios e traballadores das distintas ramas das industrias forestais.

8.-Estudios de mercado nacionais e internacionais.

Artigo 5º-Prioridades estratéxicas en canto ó obxectivo das actuacións de investimento.

As prioridades serán as seguintes por orde preclusiva:

1.-Enfoque da estrutura da industria á elaboración de produtos adaptados á demanda actual e potencial do mercado e ás características da materia prima galega de orixe forestal.

2.-Optimización do rendemento da materia prima na súa transformación.

3.-Descubrimento de novas formas de aproveitamento da materia prima de orixe forestal.

4.-Mellora da produtividade en tódalas fases do proceso, en especial a posta en marcha de segundas transformacións e de incremento do valor engadido.

5.-Racionalización das operacións de manipulación dos produtos transformados incluído o seu secado, tratamentos sanitarios, impregnacións, fermentacións, etc.

6.-Mellora da calidade dos produtos, incluíndo a preparación das ferramentas de corte ou de operación.

7.-Aproveitamento dos subproductos para a súa utilización enerxética ou doutra natureza que se considere viable técnica e economicamente.

Artigo 6º-Outros criterios de avaliación.

A concesión de axudas levarase a cabo mediante un proceso de selección de proxectos, no que se establecen os seguintes criterios, por orde de importancia:

a) Viabilidade técnica, económica e financeira.

b) Creación de postos de traballo directos.

c) Calidade dos produtos obtidos e/ou comercializados.

d) Carácter innovador da tecnoloxía e do proceso.

e) Aproveitamento e grao de transformación das materias primas de orixe forestal.

f) Aproveitamento de recursos infrautilizados.

g) Reestructuración de industrias xa existentes.

h) Beneficio e/ou participación dos produtores.

Artigo 7º-Ámbito temporal.

As súas normas reguladoras da concesión das subvencións da presente orde manteranse en vigor durante 1995.

No caso de que pola súa importancia ou complexidade o investimento que se pretenda levar a cabo requirise un financiamento máis prolongado, a subvención poderá plurianualizarse, sen prexuízo das disposicións que para este efecto contempla a lexislación orzamentaria e demais normativa de aplicación.

Artigo 8º-Solicitudes e documentación.

1) Os interesados deberán presentar, perante as delegacións provinciais da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, ou na Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, ou na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a seguinte documentación por duplicado:

a) Instancia-solicitud, dirixida ó conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, segundo o modelo que figura no anexo I desta orde, acompañada da folla de recollida de datos xerais, segundo o modelo que figura no anexo III da presente orde.

No caso de sociedades que se vaian constituír, a solicitud deberá realizarse por unha persoa física

en nome propio; constituída a sociedade, solicitarase o cambio de beneficios a favor desta.

b) Estudio, anteproxecto ou proxecto asinado por técnico agrario competente e visado polo colexio profesional correspondente, onde se desenvolvan os puntos relacionados no anexo III da presente orde.

c) Declaración do solicitante sobre outras axudas solicitadas e/ou concedidas para os mesmos investimentos.

d) Acreditación en xeral de estar inscrito no Rexistro Mercantil ou ter feita a solicitude, no caso de pagamento parcial previo, soamente para aquelas empresas pendentes de constitución.

e) Acreditación do cumprimento formal das obrigacións fiscais e coa Seguridade Social por parte do solicitante ata o momento de solicita-la subvención.

f) Antes do aboamento da subvención: certificación de non ter débedas pendentes de liquidación coa Comunidade Autónoma a que se refire o artigo 79 da Lei 11/1992, do 17 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

g) Declaración xurada de non ter iniciados os investimentos obxecto do proxecto con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1995.

h) No caso de empresas xa existentes, presentar balance económico actualizado, asinado por administrador legalmente autorizado.

i) Copia da cédula do NIF ou CIF, así como ficha de solicitude de pagos e escrito da entidade bancaria confirmando a existencia de conta corrente aberta a nome do titular ou da empresa.

j) Programa de execución dos investimentos asinado polo beneficiario.

k) Aval suficiente de equipos, departamentos ou entidades de contrastado nivel investigador para concorrer ós puntos 3) e 9) do artigo 1º da presente orde. Así mesmo, para os devanditos puntos deberá ser presentada unha memoria, onde queden perfectamente definidos: os antecedentes da materia que se propón investigar, xustificación, obxectivos xerais e específicos que se pretenden conseguir, estimación de resultados a acadar e aplicación práctica da investigación ós determinados subsectores da industria forestal.

2) Se no transcurso da realización do proxecto se vise a necesidade de introducir modificacións, presentarse, por parte do beneficiario da subvención, o oportuno proxecto reformado onde aparezan aquelas variacións do proxecto orixinal. A dita reforma deberá ser subscrita por técnico agrario competente e ser visada polo colexio o ficial correspondente.

3) Para a posta en funcionamento do proxecto aprobado será necesario o requisito de presentación polo beneficiario, ante a Administración, dunha certificación, expedida por técnico agrario competente e visado polo correspondente colexio oficial, no que se reflecta fidedignamente, a adaptación das accións realizadas ó proxecto presentado, así como o cum-

primento das condicións técnicas, prescricións e regulamentarias que lle sexan de aplicación.

Artigo 9º-Prazo de presentación de solicitudes.

Establécese un prazo máximo de presentación de solicitudes, acompañadas da documentación completa, que rematará ós cinco meses contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 10º-Mellora e corrección da solicitude.

Na fase de iniciación do procedemento examínaranse as solicitudes e documentos anexos presentados. No caso de que sexan detectadas faltas ou omisións, requirirase ó interesado para que sexan corrixiados os erros, ou acompañe a documentación preceptiva, no prazo de dez días hábiles, con indicación de que, se así non o fixese se procederá á anulación da petición, arquivándose sen máis trámite posterior.

Artigo 11º-Tramitación e concesión de axudas.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes resolverá a proposta da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, en función das súas dispoñibilidades orzamentarias e tendo en conta as estratexias e criterios indicados no artigo 4º, 5º e 6º da presente orde.

Os termos da resolución seranlle comunicados ó beneficiario directamente.

As solicitudes que, unha vez transcorridos tres meses desde a súa presentación, non tivesen unha comunicación coa correspondente aprobación provisional ou definitiva, entenderase que serán denegadas, sen que caiba a súa concesión por silencio administrativo positivo.

Unha vez recibida a comunicación, o beneficiario terá que enviar, no prazo de dez días hábiles, a súa aceptación ás condicións especificadas na resolución da concesión, quedando sen efecto a concesión en caso contrario. O beneficiario comunicará igualmente a data de iniciación dos investimentos.

En calquera punto do proceso de tramitación, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderalle solicitar ó interesado as aclaracións ou xustificacións oportunas con respecto ós datos da documentación presentada.

O pagamento da subvención poderase condicionar ó cumprimento por parte do solicitante dos obxectivos empresariais declarados.

Artigo 12º-Procedemento de pagamento e xustificación.

1.-Se a axuda estivese dividida en anualidades, os pagamentos destas faranse efectivos unha vez executados os investimentos dentro dos prazos previstos por cada anualidade e cumpridos os trámites de xustificación que se determinan a continuación.

2.-Executados os investimentos de acordo co programa, o beneficiario presentará perante a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural ou a

delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a seguinte documentación:

a) Xustificantes dos investimentos realizados que consistirán, de forma xeral, nas fotocopias compulsadas das facturas orixinais sobre as que se realizará a toma de razón e relación numerada delas e de forma específica:

-Respecto á construción de edificios, obras e instalacións en xeral, presentarase o certificado a que fai referencia o punto 3) do artigo 8º da presente orde.

-Para a adquisición de edificacións presentarase certificado da oficina liquidadora competente, no que constará o valor que servirá de base para a liquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais ou IVE, descontando o valor do solo.

-Para honorarios de proxecto e dirección de obra presentarase as correspondentes fotocopias compulsadas das facturas emitidas polo colexio profesional correspondente.

b) Declaración do beneficiario sobre as axudas concedidas e/ou obtidas para os mesmos investimentos.

c) Certificación do cumprimento formal das obrigas fiscais e de Seguridade Social por parte do beneficiario, ata o momento do pagamento da subvención.

Á vista da documentación presentada e logo das oportunas inspeccións, a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural remitirá, xunto coa documentación sinalada, a correspondente certificación motivada, co fin de proceder ó pagamento efectivo da subvención.

3.-De acordo coa Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, poderán considerarse obxecto de subvención os importes derivados do pago parcial de maquinaria e outros investimentos en activos subvencionables pola orde na que o investimento non estivese materializado.

Así mesmo, poderanse considerar para efectos de subvención os pagos parciais correspondentes ós contratos de *leasing* nos que aínda non se efectuase a opción de compra, descontando destes importes a cantidade relativa a gastos de financiamento que deberán quedar suficientemente desagregados no contrato.

Para o referido nos dous parágrafos anteriores, será necesario que no expediente de xustificación daquelas se xunte, ademais do indicado no presente artigo, a factura ou contrato de subministración, xustificante bancario do pago e un aval bancario ou de entidade aseguradora suficiente, que se depositará por tempo indefinido ó dispor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia. O referido aval garantirá a cantidade anticipada mailos xuros calculados ó xuro legal do diñeiro para o ano en curso e por un prazo que medie entre a data de solicitude do anticipo e o último día en que este ten que ser xustificado.

O aval devolveráselle ó interesado unha vez que se comprobe, mediante inspección *in situ*, a rea-

lización material do obxecto da subvención, e no caso de contratos de tipo *leasing*, que se leve a cabo a opción de compra.

Artigo 13º-Disposicións comúns.

1) Non serán subvencionables os seguintes investimentos:

a) A adquisición de terreos e demais gastos non amortizables.

b) A adquisición de equipos de oficina e mobiliario, salvo equipos de informática con software axeitado.

c) Os vehículos de motor, en xeral.

d) A maquinaria usada.

e) O IVE e outros tributos non recuperables polo beneficiario.

2) Non obstante o sinalado no punto 1) serán subvencionables os honorarios de redacción de proxectos e dirección de obra, polos importes que se xustifiquen de acordo coas taxas colexiadas vixentes, sempre que se correspondan coa acción subvencionada.

3) As axudas ós investimentos establecidas na presente orde serán compatibles con calquera outra destinada ós mesmos fins e procedentes de administracións públicas, ata un límite de subvención neta equivalente ó 50% sobre o investimento total, salvo os casos contemplados no Decreto 113/1987 e as súas modificacións posteriores.

4) A contía da axuda concedida será para o conxunto do proxecto. Non obstante, en función do calendario de execución, poderase distribuí-la axuda en varias anualidades, na forma que determina o artigo 7º da presente orde.

5) No caso de incumprimento das condicións establecidas nesta orde procederase á anulación do expediente correspondente. Se se esgotar o prazo de execución de investimentos sen que estas se tivesen realizado, poderase conceder unha ampliación, a solicitude do interesado, mediante petición expresa deste, sempre que se xustifique plenamente, e tendo presentes as limitacións impostas pola Lei 11/1992, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

6) As modificacións parciais sobre o proxecto orixinal requirirán autorización da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo da presentación da correspondente solicitude, acompañada de xustificación suficiente, segundo se reflicta no punto 2) do artigo 8º da presente orde.

7) No caso de que se reducen os investimentos, mantendo os obxectivos iniciais, a subvención concedida veríase diminuída na contía proporcional correspondente, sempre que o conxunto do investimento cumpra os fins previstos inicialmente.

No caso de que a axuda estivese dividida en anualidades, se o beneficiario non rematase o proxecto coa totalidade dos investimentos presentados ou non cumprise os prazos establecidos, ou os obxectivos iniciais propostos, deberán ser devoltas as cantidades percibidas en concepto de axudas, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

8) As porcentaxes de subvención concedida sobre o investimento realizado, consignadas no artigo 3º

da presente orde, poderanse ver incrementados nun 10% nos seguintes casos:

a) Cando os beneficiarios sexan cooperativistas ou asociacións de produtores.

b) Por colaboración con programas desenvolvidos pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

c) Cando teñan un marcado carácter innovador en canto á incorporación de novas tecnoloxías ou a introducción de novos produtos.

Disposicións adicionais

Primeira.-O aboamento das axudas fixadas na presente orde establecerase con cargo ás aplicacións orzamentarias dos programas 09.04.731A.770.00: 100.000.000 de pesetas.

Segunda.-En canto non se aproben os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1995,

as solicitudes que se orixinen como consecuencia da publicación da presente orde serán tramitadas de conformidade e cos efectos contidos na orde da Consellería de Economía e Facenda do 2 de xuño de 1986 (DOG nº 18, do 19 de xuño de 1986) modificada pola orde do 18 de outubro de 1991 (DOG nº 229, do 26 de novembro de 1991).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural para dictar cantas disposicións complementarias coide portunas para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 1994.

Tomás Pérez Vidal

Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

ANEXO I



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DIRIXIDAS Á MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PRODUCTIVO INDUSTRIAL DA SERRAXE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG615A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DON/DONA	DNI
ENDEREZO	TELÉFONO
EN REPRESENTACIÓN DE	

EXPÓN:

Que á vista da convocatoria de subvencións da orde do..... de..... de 1994, sobre axudas ás industrias forestais en Galicia, e considerando reuni-los requisitos esixidos.

SOLICITA:

A concesión dunha subvención a fondo perdido segundo os termos sinalados na citada orde para:

- Actividade á que se destinan os investimentos.....
- Localización.....
- Contía do investimento.....

LEXISLACIÓN APLICABLE Orde do 15 de decembro de 1994 pola que se establecen axudas para a realización de accións dirixidas á mellora da competitividade do sector productivo industrial da serraxe e doutros produtos forestais de Galicia, centros tecnolóxicos, parques de clasificación e comercialización de madeira e introducción de novas tecnoloxías.
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA de de 199

(A cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Sr. Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

ANEXO II

DATOS XERAIS

1. DATOS XERAIS DO SOLICITANTE			
NOME		D.N.I. / C.I.F.	
NATUREZA XURÍDICA			
ENDEREZO (RÚA E Nº)		CÓDIGO POSTAL	
CONCELLO	PROVINCIA	TELEFONO	
DOMICILIACIÓN BANCARIA:			
BANCO		SUCURSAL	
CÓDIGO DO BANCO	CODIGO DA SUCURSAL	Nº CONTA CORRENTE	
CENTROS DE PRODUCCIÓN QUE POSÚE:			
ACTIVIDADE			
LOCALIZACIÓN		Nº TRABALLADORES	
2. DATOS DO PROXECTO			
TÍTULO			
CÓDIGO DE EXPEDIENTE	TIPO:	Sector actividade	
	<input type="checkbox"/> Creación <input type="checkbox"/> Ampliación <input type="checkbox"/> Traslado <input type="checkbox"/> Modernización		
ENDEREZO (RÚA E Nº)			
CONCELLO	PROVINCIA		
INVESTIMENTO TOTAL	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	INVESTIMENTO DE ACTIVOS FIXOS	SUBVENCIÓN PROP. %
FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS EN ACTIVOS FIXOS:			
- Recursos propios pts (..... %)			
- Créditos pts (..... %)			
- Subvencións pts (..... %)			
PRAZO DE EXECUCIÓN:		POSTOS DE TRABALLO POR CREAR:	
Inicio Remate Total		Fixos Eventuais	
OUTRAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E / OU CONCEDIDAS:			
Organismo
Data
(%)
Conta
Solic. Concedida
Código			
3. DATOS DE TRAMITACIÓN			
DATA DE ENTRADA NA DXM E MAN		DATA DE ENTRADA NO DOG	

* Os cadros reservaranse para que os cubra a administración

ANEXO III

CONTIDO DO ESTUDIO, ANTEPROXECTO OU PROXECTO

1.-Memoria.

1.0.-Datos de identificación.

-Nome, NIF/CIF, enderezo, teléfono.

-Actividades económicas actuais. Centros de produción.

-Localización de novos investimentos.

1.1.-Breve descrición do obxecto do proxecto.

1.2.-Situación actual.

-Descrición resumida de actividades desenvolvidas.

-Producción: descrición do proceso. Capacidades de produción.

-Tecnoloxía dispoñible. Volume e prezos de venda, tipos de produtos.

-Comercialización: destino dos produtos e principais canles de comercialización.

-Materias primas: principais tipos e procedencia. Consumos e prezos de compra.

-Inmovilizado material: terreos, edificacións, instalacións, maquinaria e outros.

-Persoal: relación dos traballadores existentes por categorías laborais.

-Contas de resultados, evolución.

-Programas de colaboración coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

1.3.-Proxecto que se vai realizar e situación tralo investimento.

-Análise de mercado: situación da oferta e a demanda.

-Proceso productivo: características dos produtos que se van obter.

-Descrición do proceso productivo. Capacidades de produción.

-Tecnoloxía utilizada.

-Calendario e volume de producións.

-Materias primas: principais tipos e procedencias.

-Consumos e prezos de compra.

-Investimentos: resumo desagregado cuantificado de investimentos en:

* Activos fixos: terreos, edificios e construcións, equipos e instalacións, maquinaria, elementos de transporte, mobiliario e utensilios, gastos amortizables, outros.

* Capital circulante: existencias de insumos, produtos en curso e produtos finais. Caixa e bancos. Provedores e clientes. Fondo de manobra.

-Financiamento dos activos fixos e do capital circulante: recursos propios. Subvencións. Créditos e préstamos. Outras fontes de financiamento.

-Contas de explotacións provisionais. Valoraranse as variacións previsibles, como consecuencia dos investimentos, respecto da situación actual nos seguintes aspectos.

* Ventas: volume e valoración xustificada do prezo probable de venda.

* Custos: compras de materias primas.

-Gastos variables: persoal, subministracións e servizos, portes, etc.

-Análise económica do proxecto: farase tendo en conta as variacións previsibles nas vendas, compras e resto dos custos, respecto da situación actual, así coma os investimentos necesarios para levar a cabo o proxecto.

-Programas de colaboración coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

2.-Xustificación dos investimentos segundo as seguintes consideracións:

-Obra civil: mediante orzamento desagregado por unidades de obra.

-Maquinaria e equipamentos: factura pro-forma ou similar.

3.-Planos.

Polo menos os seguintes:

-Plano de situación e localización.

-Plano xeral do conxunto de obras e instalacións.

-Plano de distribución da maquinaria e instalacións.

4.-Repercusións sobre o medio ambiente.

Orde do 13 de decembro de 1994 pola que se establecen axudas económicas para o fomento da riqueza cinexética para o ano 1995.

O artigo 148.1º.11 da Constitución, así como o artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia, confíenlle á nosa Comunidade a competencia exclusiva en materia de caza.

A Lei de caza 1/1970, do 4 de abril, atribúelle-lo dereito de caza ó propietario, ós titulares de dereitos reais e ás persoas que leven consigo o uso e desfrute dos medios e do seu aproveitamento cinexético, polo que gran parte dos cazadores que habitan nos núcleos de poboación quedan sen posibilidades de exercer e desenvolve-la actividade cinexética.

Por outra parte, o progresivo cambio na utilización do solo, e a existencia dunha importante e crecente actividade cinexética, ademais doutros factores inherentes a unha sociedade en desenvolvemento, deron lugar a que importantes zonas da nosa autonomía preseten na actualidade unha regresión das poboacións cinexéticas.

Como consecuencia, cómpre fomenta-la riqueza cinexética e procurar un incremento das poboacións, tanto de caza menor como de caza maior, evitando así a progresiva deterioración das nosas especies cazables, mellora-los seus hábitats naturais e ordena-lo seu racional aproveitamento.

Neste sentido dítase a presente orde, pola que se establecen axudas coa finalidade de incentiva-los titulares de coutos de caza, zonas de caza controlada e asociacións que teñan como principais, de entre os seus fins estatutarios, fomentaren a riqueza cinexética e executaren accións que comporten a mellora da nosa fauna cinexética e dos seus hábitats, regulando o establecemento de convenios que permitan a cesión á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de xornadas de caza para o seu posterior sorteo, posibilitando así o acceso á actividade cinexética de tódolos cazadores de Galicia, e fomentando o asociacionismo entre os titulares dos coutos privados de caza, para lograr unhas maiores unidades de xestión cinexética, indispensables na concepción moderna do aproveitamento cinexético.

En virtude do anterior,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-

Coa finalidade de favorece-la restauración das poboacións cinexéticas, ordena-los aproveitamentos destes recursos e facilita-la actividade de caza entre tódolos grupos sociais, establécese un réxime de axudas para os titulares dos terreos cinexéticos de réxime especial e asociacións e federacións de cazadores que teñan como finalidade o fomento da riqueza cinexética, cunha subvención sobre os investimentos feitos neles polos seus titulares.

Artigo 2º.-

Poderán acollerse a estas axudas as sociedades administradoras de zonas de caza controlada, os titulares individuais ou agrupados de coutos de caza e as asociacións que teñan entre os seus fins estatutarios, como principal, o fomento da riqueza cinexética, sempre que a súa finalidade non sexa industrial ou comercial.

En caso de que dous ou máis titulares de coutos de caza se agrupen con obxecto de solicita-la subvención, a agrupación deberá formalizarse por escrito e por un período mínimo de tres anos, co visto e prace da asemblea xeral.

Artigo 3º.-

As axudas concedidas, para o caso de titulares de coutos de caza ou as súas agrupacións, suporán unha contraprestación de xornadas de caza a ter-

ceiros, mediante o establecemento dun convenio coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Neste convenio especificaranse:

- 1.-Acción ou accións que se desenvolvan de acordo coa solicitude presentada.
- 2.-Orzamento de execución e o seu financiamento.
- 3.-Número diario de permisos de caza concedidos a terceiros.
- 4.-Contraprestación económica que percibirá o titular do couto de caza por cada permiso de caza, establecéndose un máximo de 5.000 ptas.
- 5.-Coa máxima de capturas por cada un dos cazadores beneficiarios do permiso, que deberá coincidir co establecido pola sociedade titular do couto para os seus cazadores asociados.
- 6.-Prazo de duración do convenio.

Artigo 4º.-

Serán subvencionables as seguintes obras, traballos ou actuacións.

-Redacción de proxectos de ordenación, aproveitamento cinexético e as súas revisións.

-Construcción e equipamento de instalacións de cría.

-Gastos de funcionamento de cría.

-Actividades orientadas á formación do cazador (xornadas, cursos, ciclos de conferencias).

-Mellora do hábitat cinexético para a caza menor, de acordo co establecido no artigo 5.

Artigo 5º.-

1.-As actuacións encamiñadas á mellora do hábitat cinexético para a caza menor (coello, lebre e perdiz) deberán realizarse en cuarteiróns de mellora cunha superficie mínima de 100 hectáreas nun máximo de 3 zonas e con vexetación de matogueira (toxos, queiroga, xestas, carqueixas, etc.), nos que deberá obterse un 20% de superficie apta para campeo e alimentación de animais adultos e novos.

A citada superficie estará formada por manchas obtidas por roza e trituración da matogueira por decrúa e cultivo ou por queima controlada da matogueira.

As superficies de cada mancha, dependendo da actuación que se realice, serán as seguintes:

-Roza e trituración: de 0,5 a 1 hectáreas.

-Decrúa e cultivo: de 0,2 a 0,5 hectáreas.

-Queima controlada: de 0,5 a 1 hectáreas.

O número mínimo de manchas de cada tipo de cinco, sen prexuízo do número total de manchas que se realice.

2.-Así mesmo, co obxecto de promove-las zonas de cría de coello, en cada cuarteirón de mellora deberán realizarse provisións de material que permitan a fácil creación de tobeiras.

O deseño destas estruturas estará suxeito á súa aprobación polos servizos provinciais de Medio

Ambiente Natural correspondentes, nos cales, así mesmo, poderá pedirse información e asesoramento sobre a construción das citadas estruturas.

3.-Establécense os seguintes prezos máximos para cada unha das actuacións que se realicen.

- Roza e tributación: 60.000 ptas. por hectárea.
- Decrúa e cultivo: 100.000 ptas. por hectárea.
- Queima controlada: 30.000 ptas. por hectárea.
- Provisión de material: 150.000 ptas. por unidade.

Artigo 6º.-

1.-A contía da subvención consistirá nunha porcentaxe do orzamento da obra, traballo ou actuación aprobado pola administración, e será pagada por esta trala xustificación da realización da obra, traballo ou actuación mediante inspección final por parte da administración, para o cal o interesado deberá comunicarlle a finalización da mellora que realice segundo o proxecto presentado no correspondente Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural.

De xeito xeral, a xustificación da realización da actividade subvencionable deberá facerse coa aportación da proba documental correspondente, en forma de facturas, contratos ou doutros documentos. De xeito excepcional, e por causas expresas, poderá tamén realizarse mediante a valoración do número de unidades de obra realizadas e os prezos unitarios aprobados. En todo caso a Administración efectuará a inspección final das obras subvencionadas.

2.-Os investimentos máximos subvencionables e as porcentaxes máximas de subvención para cada unha das obras, traballos ou actuacións sinalados no artigo 4º serán as seguintes:

	Investimento máximo subvencionable (ptas.)	% máximo de subvención
1.-Redacción de proxectos de ordenación cinexética	1.000.000	60
2.-Construcción e equipamento de instalación de cría	1.000.000	40
3.-Gastos de funcionamento de instalacións de cría	1.000.000	25
4.-Actividades orientadas á formación do cazador	1.000.000	75
5.-Mellora do hábitat cinexético para a caza menor	3.000.000	75

En todo caso, a contía da subvención para cada titular do terreo cinexético en réxime especial ou agrupación destes non superará o importe de 1.000.000 de ptas. por cada 1.500 hectáreas de superficie contada, cun máximo de 4.000.000 de ptas.

Os espécimes de caza procedentes de centros de produción propiedade da Consellería de Agricul-

tura, Gandería e Montes non poderán ser obxecto de axudas con cargo a esta orde.

Artigo 7º.-

A orde de prelación para a concesión de subvencións basearase na puntuación que se lle conceda a cada solicitude, de acordo coas seguintes prioridades:

- Superficie do couto ou agrupación de coutos: 1 punto por cada 100 hectáreas.
- Mellora do hábitat: 10 puntos.
- Redacción de proxectos de ordenación cinexética: 10 puntos.
- Construcción e equipamento de instalacións de cría: 5 puntos.
- Actividades orientadas á formación do cazador: 10 puntos.
- Agrupación de titulares de coutos de caza: 10 puntos.

Artigo 8º.-

O número de permisos por día hábil que en cada temporada de caza os titulares de terreos cinexéticos de réxime especial ou agrupación deles deberán pór á disposición recollerase no correspondente convenio, e será o resultante de dividir por 1.500 a superficie (en hectáreas) do couto ou agrupación deles; establécese, en calquera caso, un mínimo de un permiso.

Cada permiso suporá a admisión de dous cazadores por día hábil.

Os permisos así obtidos deberán adjudicarse por sorteo entre os cazadores que os soliciten.

Para estes efectos os servicios provinciais de Medio Ambiente Natural farán pública a oferta de permisos dispoñibles para a temporada de caza 1995-1996, con motivo de recoller solicitudes durante o mes de setembro. O 5 de outubro de 1995 celebraranse os sorteos dos permisos dispoñibles nos servicios provinciais de Medio Ambiente Natural, entre as solicitudes recibidas dentro de prazo. Cada unha das solicitudes deberá incluír dous cazadores. Cada un dos solicitantes poderá aparecer nunha única solicitude, para un só couto de caza e unha única xornada de caza.

Para o caso das agrupacións de titulares de coutos de caza, o número de permisos totais que cada temporada de caza deberán pór á disposición de terceiros repartirase entre os coutos que constitúan a agrupación de xeito proporcional á superficie de cada un deles.

Serán as propias sociedades titulares dos coutos de caza as que procederán á entrega de permisos adjudicados ós correspondentes adjudicatarios, de acordo co prezo unitario deles estipulado no convenio, os cales deberán recollerse nos locais sociais das respectivas sociedades.

Os ingresos obtidos pola adjudicación dos permisos pasarán a formar parte dos fondos das citadas sociedades, debendo dedicar un mínimo do 75% a actividades de fomento da riqueza cinexética, para efectuar durante o ano 1996.

Os servizos provinciais de Medio Ambiente Natural poderán proceder a comprobar, en calquera momento, o cumprimento do anteriormente exposto.

Artigo 9º.-

As solicitudes de subvención irán dirixidas ó conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes e serán presentadas nas correspondentes delegacións provinciais no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Xunto coa solicitude segundo o modelo de anexo I presentarán por duplicado a seguinte documentación:

- Fotocopia do NIF do destinatario da subvención.
- Certificación bancaria de ter aberta unha conta a nome do destinatario segundo anexo II.
- Declaración xurada do solicitante de estar ó día nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.
- Acreditación, se é o caso, da titularidade do solicitante do terreo cinexético en réxime especial.
- Se o titular fose unha sociedade, asociación ou similar, acordo do seu órgano competente polo que se aproben as accións solicitadas e os compromisos correspondentes, e no que deberá constar, así mesmo, a persoa designada como representante daquela para os efectos na solicitude (anexo I).
- Se o solicitante da subvención fose unha agrupación de titulares de coutos de caza, acreditación documental da súa formalización por un período mínimo de tres anos, segundo o modelo do anexo III, sen prexuízo do establecido no apartado anterior.
- Proxecto de actuacións que se vaian realizar, memoria detallada e orzamentos para a súa realización, sinalando os obxectivos cinexéticos que se persigan, realizado, no caso das obras ou melloras non incluídas nas especificacións da presente orde, por un técnico competente en caza.
- En caso de subministracións, orzamento destas aprobado polo titular do terreo cinexético.
- Autorizacións administrativas que, se é o caso, permitan a realización das obras ou accións, coma no caso de queimas controladas.

Artigo 10º-

1.-O solicitante, unha vez aprobada a subvención e recibida a notificación desta, disporá dun prazo de 10 días hábiles para lle notificar á Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural a aceptación das condicións da subvención. Se o solicitante fose unha agrupación de titulares de coutos de caza, o acordo de aceptación corresponderalle ó titular ou órgano designado como representante daquela. Se no prazo establecido non se comunica esta aceptación, entenderase aceptada a subvención.

2.-Os investimentos obxecto de subvención deberán estar finalizados antes do 30 de setembro de 1995, se ben pode concederse unha prórroga cando as circunstancias impidan a súa realización dentro do citado período. No caso dos proxectos de orde-

nación cinexética, disporase dun prazo de un ano natural para realizalos, contado desde a data na que se reciba a comunicación da concesión da subvención.

Artigo 11º-

O convenio de colaboración entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e o beneficiario da axuda, referido no artigo 3º, será establecido dentro dun prazo de 20 días naturais despois de comunicada e aceptada toda a subvención. Non se poderá aboar cantidade ningunha por parte da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes sen o previo establecemento do convenio de colaboración.

Artigo 12º.-

As accións previstas na presente orde financiaranse por parte da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.342A.780.00, por importe de 30.000.000 de ptas.

Disposicións adicionais

Primeira.-A percepción dunha subvención con cargo a esta orde será incompatible coa percepción de subvencións procedentes doutras administracións para os mesmos fins.

Segunda.-Ningún petionario que teña pendente de certificación algunha subvención de anos anteriores poderá acollerse a esta orde ata que finalicen os traballos pendentes.

Terceira.-As subvencións someteranse en tódolos extremos ó previsto no artigo 78 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario da Xunta de Galicia.

Cuarta.-Mentres non se aproben e publiquen os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1995, as solicitudes que se orixinen como consecuencia da publicación desta orde de subvención serán tramitadas de conformidade e cos efectos contidos na orde da Consellería de Economía e Facenda do 2 de xuño de 1986 (DOG nº 18, do 19-6-1986) modificada pola orde do 18 de outubro de 1991 (DOG nº 229 do 26-11-1991). A dotación orzamentaria está contida no proxecto de orzamentos para 1995.

Disposición derradeira

Facúltase o director xeral de montes e medio ambiente natural para dictar tódalas disposicións complementarias con obxecto de desenvolver-la presente orde, que entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 1994.

Tomas Pérez Vidal

Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

ANEXO I



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

PROCEDEMENTO <i>AXUDAS PARA O FOMENTO DA RIQUEZA CINEXÉTICA</i>	CODIGO DO PROCEDEMENTO <i>AG808A</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		N.I.F.	
ENDEREZO		CONCELLO	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	D.N.I.	
ENDEREZO		CONCELLO	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
RELACIÓN CO BENEFICIARIO: REPRESENTANTE LEGAL <input type="checkbox"/> OUTRO TIPO DE REPRESENTACIÓN <input type="checkbox"/>		ADXUNTA DOCUMENTO ACREDITATIVO DA REPRESENTACIÓN: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	

SOLICITA:

Axuda /s para o fomento da riqueza cinexética:

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> Redacción proxecto ordenación | <input type="checkbox"/> Actividades formación cazador |
| <input type="checkbox"/> Construcción e equipamento instalacións cría | <input type="checkbox"/> Mellora hábitat cinexético |
| <input type="checkbox"/> Gastos funcionamento instalacións cría | <input type="checkbox"/> Outras |

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> Fotocopia DNI ou NIF	<input type="checkbox"/> Formalización agrupación de titulares
<input type="checkbox"/> Certificación bancaria	<input type="checkbox"/> Autorizacións administrativas
<input type="checkbox"/> Memoria ou proxecto técnico	<input type="checkbox"/> Acordo órgano competente
<input type="checkbox"/> Calendario de actuacións	<input type="checkbox"/> Declaración xurada de non ter contraída débeda coa Xunta
<input type="checkbox"/> Orzamento	<input type="checkbox"/> Declaración xurada de estar ó día no pago das obrigacións fiscais e coa S.S.
<input type="checkbox"/> Acreditación de titularidade	<input type="checkbox"/> Outros

OBSERVACIÓNS

O asinante acepta a normativa reguladora polas indicadas axudas e declara reuni-las condicións establecidas para acceder a elas.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde de 13 de decembro de 1994 pola que se establecen axudas para o fomento da riqueza cinexética para o ano 1995.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA de de 199

(Para cubrir pola Administración)	NUMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SALDA / /

Excmo. Sr. Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

ANEXO II

CERTIFICACIÓN BANCARIA

NOME OU RAZÓN SOCIAL				N.I.F.
ENDEZEZO (RÚA OU PRAZA E LUGAR)				TELEFONO
PARROQUIA / LUGAR	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	
TITULAR DA CONTA				
ENDEZEZO (RÚA OU PRAZA, CONCELLO, PROVINCIA)				
ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE	

..... de de 19

Sinatura e selo da entidade bancaria

ANEXO III

AGRUPACIÓNS DE TITULARES DE COUTOS DE CAZA

Os/as que asinan abaixo, en representación das súas respectivas sociedades, acordan agruparse por un período de..... anos (mínimo 3 anos), ó abeiro do disposto na orde pola que se establecen axudas para o fomento da riqueza cinxética, e, de mutuo acordo, delegan en D./D.ª DNI..... a súa representación para efectos de tramitación da solicitude de axudas.

RELACIÓN DE BENEFICIARIOS AGRUPADOS NA PRESENTE PETICIÓN

CODIGO TITULAR	NOME DOS TITULARES DOS COUTOS DE CAZA	N.º MATRICULA DO COUTO	SUPER. (EN HECTAREAS)	NOME DO PRESIDENTE OU REPRESENTANTE LEGAL	DNI	SINATURA

SUP TOTAL

Así mesmo acordan:

- Asumir los compromisos que implican a aprobación das axudas
- Abrir unha conta conxunta, da que se xunta certificación bancaria, para efectos de cobro das axudas (de polo menos 3 membros).
- Realizar coordinadamente as obras, traballos ou actuacións para as que se solicita subvención, segundo o proxecto presentado e aprobado pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

O incumprimento do presente acordo en tódolos seus termos por parte dalgún dos titulares asinantes del suporá a anulación da concesión da subvención correspondente, ou, caso de que aquela xa fose aboada, o reintegro ó Tesouro da Comunidade Autónoma.

D./D.ª acepta a representación conxunta da presente AGRUPACIÓN DE TITULARES.

En..... de..... de 199..

Sinatura,

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 7 de decembro de 1994, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 01/2346/1994, interposto por Almudena Álvarez Iglesias.

Notificóuselle ó Servicio Galego de Saúde Provisoria da Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se admite o recurso contencioso-administrativo número 2.346/1994, interposto por Almudena Álvarez Iglesias contra a resolución do 12 de setembro de 1994, desta dirección xeral (DOG nº 187, do 27 de setembro), pola que se resolve definitivamente o concurso voluntario de traslados para a provisión de prazas de persoal facultativo especialista, persoal sanitario non facultativo e persoal non sanitario das institucións sanitarias dependentes do Servicio Galego de Saúde, en concreto no que refire ás prazas de auxiliar de enfermería dependentes do Centro de Atención Primaria número 4 de Pontevedra.

En consecuencia, esta dirección xeral acorda, de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento a tódalas persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poidan comparecer en forma en autos na Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de nove días.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 1994.

Carlos Negreira Souto
Director xeral de Recursos Humanos

Resolución do 13 de decembro de 1994, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 1/2360/1994, interposto por Emilio Rodríguez García.

Notificóuselle á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais providencia da Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se admite o recurso contencioso-administrativo número 1/2360/1994, interposto por Emilio Rodríguez García contra desestimación presunta da petición formulada con data 20 de xaneiro de 1994 sobre nomeamento como xefe do Servicio de U.C.I. do Hospital Santa María Madre de Ourense.

En consecuencia, esta dirección xeral acorda, de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei regu-

ladora da xurisdicción contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento a tódalas persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poidan comparecer en forma en autos na Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de nove días.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 1994.

Carlos Negreira Souto
Director xeral de Recursos Humanos

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Resolución do 28 de novembro de 1994 pola que se declara concluído o procedemento e vacante a praza do corpo de profesores titulares de universidade da área de coñecemento de filoloxía catalana, do departamento de Filoloxía Galega (praza nº 1.209/1993).

Convocada a concurso por resolución da Universidade de Santiago de Compostela, do 20 de xaneiro de 1994 (BOE do 4 de febreiro de 1994) unha praza do corpo de profesores titulares de universidade da área de coñecemento de filoloxía catalana, do departamento de Filoloxía Galega.

Ó renunciaren os únicos aspirantes á devandita praza e visto o artigo 11.2.d) do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado resolveu declarar concluído o procedemento e deserta a praza do corpo de profesores titulares de universidade.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 1994.

F. Darío Villanueva Prieto
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Resolución do 12 de decembro de 1994 pola que se nomea profesora titular de escola universitaria da área de coñecemento de química inorgánica, do departamento de Química Inorgánica, a Ana María García Deibe (praza número 1.215/1993).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulgar-lo concurso, convocado por Resolución desta universidade do 20 de xaneiro de 1994 (BOE do 4 de febreiro de 1994), para a

provisión da praza de profesor titular de escola universitaria da área de coñecemento de química inorgánica (Lugo), do departamento de Química Inorgánica da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de Ana María García Deibe, e cumprindo a interesada os requisitos a que alude o artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Ana María García Deibe profesora titular de escola universitaria da área de coñecemento de química inorgánica (Lugo), do departamento de Química Inorgánica, da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 1994.

F. Darío Villanueva Prieto

Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Resolución do 12 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de escola universitaria da área de coñecemento de química analítica, do departamento de Química Analítica, a Manuel Aboal Somoza (praza número 1.207/1993).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso, convocado por Resolución desta universidade do 29 de novembro de 1993 (BOE do 22 de decembro de 1993), para a provisión da praza de profesor titular de escola universitaria da área de coñecemento de química analítica (Lugo), do departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de Manuel Aboal Somoza, e cumprindo a interesada os requisitos a que alude o artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Manuel Aboal Somoza profesor titular de escola universitaria da área de coñecemento de química analítica (Lugo), do departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía, da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 1994.

F. Darío Villanueva Prieto

Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Resolución do 12 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de lóxica e filosofía da ciencia, do departamento de Lóxica e Filosofía da Ciencia, Filosofía do Dereito Moral e Política, a José Luis Falguera López (praza número 1.199/1993).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso, convocado por Resolución desta universidade do 29 de novembro de 1993 (BOE do 22 de decembro de 1993), para a provisión da praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de lóxica e filosofía da ciencia, do departamento de Lóxica e Filosofía da Ciencia, Filosofía do Dereito Moral e Política da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de José Luis Falguera López, e cumprindo o interesado os requisitos a que alude o artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a José Falguera López profesor titular de universidade da área de coñecemento de lóxica e filosofía da ciencia, do departamento de Lóxica e Filosofía da Ciencia, Filosofía do Dereito Moral e Política, da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 1994.

F. Darío Villanueva Prieto

Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Resolución do 12 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de economía aplicada, do departamento de Econometría e Métodos Cuantitativos, a Luciano Méndez Naya (praza número 1.218/1993).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso, convocado por Resolución desta universidade do 30 de marzo de 1994 (BOE do 25 de abril de 1994), para a provisión da praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de economía aplicada, do departamento de Econometría e Métodos Cuantitativos da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de Luciano Méndez Naya, e cumprindo a interesada os requisitos a que alude o artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que

a desenvolven, resolveu nomear a Luciano Méndez Naya profesora titular de universidade da área de coñecemento de economía aplicada, do departamento de Econometría e Métodos Cuantitativos, da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 1994.

F. Darío Villanueva Prieto
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Resolución do 15 de decembro de 1994 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de psicoloxía evolutiva e da educación, do departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, a Rosa María Rivas Torres (praza número 1.200/1993).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso, convocado por Resolución desta universidade do 29 de novembro de 1993 (BOE do 22 de decembro de 1993), para a provisión da praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de psicología evolutiva e da educación, do departamento de Psicología Evolutiva e da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de Rosa María Rivas Torres, e cumprindo a interesada os requisitos a que alude o artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Rosa María Rivas Torres profesora titular de universidade da área de coñecemento de psicoloxía evolutiva e da educación, do departamento de Psicología Evolutiva e da Educación, da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 1994.

F. Darío Villanueva Prieto
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Resolución do 16 de decembro de 1994 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de bioloxía animal, do departamento de Bioloxía Animal, a María Eulalia Eiroa Álvarez (praza número 1.203/1993).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso, convocado por Resolución desta universidade do 29 de novembro de 1993 (BOE do 22 de decembro de 1993),

para a provisión da praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de bioloxía animal, do departamento de Bioloxía Animal da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de María Eulalia Eiroa Álvarez, e cumprindo a interesada os requisitos a que alude o artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a María Eulalia Eiroa Álvarez profesora titular de universidade da área de coñecemento de bioloxía animal, do departamento de Bioloxía Animal, da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 1994.

F. Darío Villanueva Prieto
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Resolución do 16 de decembro de 1994 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de matemática aplicada, do departamento de Matemática Aplicada, a Margarita María Isabel Burguera González (praza número 1.211/1993).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso, convocado por Resolución desta universidade do 20 de xaneiro de 1994 (BOE do 4 de febreiro de 1994), para a provisión da praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de matemática aplicada, do departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de Margarita María Isabel Burguera González, e cumprindo a interesada os requisitos a que alude o artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Margarita María Isabel Burguera González profesora titular de universidade da área de coñecemento de matemática aplicada, do departamento de Matemática Aplicada, da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 1994.

F. Darío Villanueva Prieto
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 13 de decembro de 1994 pola que se nomea catedrático de universidade da área de coñecemento de ciencia dos materiais e enxeñería metalúrxica, do departamento de Enxeñería dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construcción, a Pedro Merino Gómez.

Consonte ca proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por Resolución da Universidade de Vigo de data 15 de decembro de 1993 (BOE do 21-1-1994), para a provisión dunha praza de catedrático de universidade da área de coñecemento de ciencia dos materiais e enxeñería metalúrxica, do departamento de Enxeñería dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construcción da Universidade de Vigo, a prol de Pedro Merino Gómez, DNI número 8.081.909, e cumprindo o interesado os requisitos do apartado 2 do artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Pedro Merino Gómez catedrático de universidade da área de coñecemento de ciencia dos materiais e enxeñería metalúrxica, do departamento de Enxeñería dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construcción, desta Universidade de Vigo.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os interesados, logo de llo comunicar a este rectorado, interponer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Vigo, 13 de decembro de 1994.

Por delegación R.R. 2-12-1994
José Tojo Suárez
Vicerrector de Investigación

Resolución do 13 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de filosofía do dereito, moral e política, do departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, a Jesús Primitivo Rodríguez González.

Consonte ca proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por Resolución da Universidade de Vigo de data 15 de decem-

bro de 1993 (BOE do 21-1-1994), para a provisión dunha praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de filosofía do dereito, moral e política, do departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da Universidade de Vigo, a prol de Jesús Primitivo Rodríguez González, DNI número 5.893.303, e cumprindo o interesado os requisitos do apartado 2 do artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Jesús Primitivo Rodríguez González profesor titular de universidade da área de coñecemento de filosofía do dereito, moral e política, do departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, desta Universidade de Vigo.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os interesados, logo de llo comunicar a este rectorado, interponer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Vigo, 13 de decembro de 1994.

Por delegación R.R. 2-12-1994
José Tojo Suárez
Vicerrector de Investigación

Resolución do 13 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de ecología, do departamento de Recursos Naturais e Medio Ambiente, a Adolfo Cordero Rivera.

Consonte ca proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por Resolución da Universidade de Vigo de data 15 de decembro de 1993 (BOE do 21-1-1994), para a provisión dunha praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de ecología, do departamento de Recursos Naturais e Medio Ambiente da Universidade de Vigo, a prol de Adolfo Cordero Rivera, DNI número 35.295.817, e cumprindo o interesado os requisitos do apartado 2 do artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Adolfo Cordero Rivera profesor titular de universidade da área de coñecemento de ecoloxía, do departamento de Recursos Naturais e Medio Ambiente, desta Universidade de Vigo.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os interesados, logo de llo comunicar a este rectorado, interponer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Vigo, 13 de decembro de 1994.

Por delegación R.R. 2-12-1994
José Tojo Suárez
Vicerrector de Investigación

Resolución do 13 de decembro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de teoría do sinal e comunicacións, do departamento de Tecnoloxía das Comunicacións, a Fernando Pérez González.

Consonte ca proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por Resolución da Universidade de Vigo de data 15 de decembro de 1993 (BOE do 21-1-1994), para a provisión dunha praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de teoría do sinal e comunicacións, do departamento de Tecnoloxía das Comunicacións da Universidade de Vigo, a prol de Fernando Pérez González, DNI número 3.080.476, e cumprindo o interesado os requisitos do apartado 2 do artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Fernando Pérez González profesor titular de universidade da área de coñecemento de teoría do sinal e comunicacións, do departamento de Tecnoloxía das Comunicacións, desta Universidade de Vigo.

Este nomeamento terá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os interesados, logo da comunicación a este rectorado, interponer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Vigo, 13 de decembro de 1994.

Por delegación R.R. 2-12-1994
José Tojo Suárez
Vicerrector de Investigación

Resolución do 13 de decembro de 1994 pola que se nomea catedrático de universidade da área de coñecemento de teoría do sinal e comunicacións, do departamento de Tecnoloxía das Comunicacións, a Antonio García Pino.

Consonte ca proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por Resolución da Universidade de Vigo de data 15 de decembro de 1993 (BOE do 21-1-1994), para a provisión dunha praza de catedrático de universidade da área de coñecemento de teoría do sinal e comunicacións, do departamento de Tecnoloxía das Comunicacións da Universidade de Vigo, a prol de Antonio García Pino, DNI número 697.810, e cumprindo o interesado os requisitos do apartado 2 do artigo 5º do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Antonio García Pino catedrático de universidade da área de coñecemento de teoría do sinal e comunicacións, do departamento de Tecnoloxía das Comunicacións, desta Universidade de Vigo.

Este nomeamento terá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os interesados, logo da comunicación a este rectorado, interponer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Vigo, 13 de decembro de 1994.

Por delegación R.R. 2-12-1994
José Tojo Suárez
Vicerrector de Investigación

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO DOUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cédula de notificación da mellora de embargo (272/1989).

Gonzalo Jorge Cabaleiro de Saa, secretario da Administración de Xustiza con destino no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous de Santiago de Compostela.

Certifico que no libro de autos dictados por este xulgado en procedementos civís consta o recaído en autos de xuízo executivo número 272/1989, promovido pola entidade Leasing Ibérica de servicios, Equipos, Automoción e Transporte, S.A., Liseat, cun encabezamento e decisión que son do teor literal seguinte:

Auto: «En Santiago de Compostela, nove de xuño de mil novecentos noventa e catro.

Feitos

Único. O 24 de outubro de 1989 embargáronse bens propiedade dos demandados Hostelería Luna, S.L., con domicilio na rúa Arzúa, número 12-1º, e Nieves Taboada López, con domicilio na rúa Negreira número 5-3º, esquerda, de Santiago de Compostela, para responder da contía de 134.174 pesetas, importe principal e máis a de 100.000 pesetas para xuros e custas. O procurador Sr. García-Piccoli presentou escrito alegando que é imposible facer efectivo o embargo realizado.

Decido que se acorda a mellora do embargo realizado o 24 de outubro de 1989, en bens dos debedores Hostelería Luna, S.L., e Nieves Taboada López.

Faise constar que se procedeu ó embargo do predio número 8 da vivenda da terceira planta da casa número 5, da rúa Negreira, de Santiago de Compostela, de 68 metros cadrados. Está inscrita no Rexistro da Propiedade número 1 de Santiago de Compostela, no tomo 956, libro 6, folio 97, predio 485, inscrición segunda.

Así o acorda e asina Salvador P. Sanz Crego, maxistrado xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous de Santiago de Compostela».

A sentenza que se acaba de inserir foi publicada no mesmo día da súa data polo maxistrado xuíz que a subscribe; para que conste e para que lles sirva de notificación en forma ós demandados en situación procesual de rebeldía, expido e asino esta en Santiago de Compostela o dezasete de decembro de mil novecentos noventa e catro.

Rubricado

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto (216/1994).

Camilo José García Puertas Magariños, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número tres de Santiago de Compostela, fai saber:

Que neste xulgado se segue xuízo de divorcio por instancia de Josefa Molina Cifuentes, representada pola procuradora Sra. Fernández-Rial e López contra José Arán Domínguez, nos que se acordou emprazalo citado demandado para que no prazo de vinte días compareza en forma en autos e conteste a demanda, baixo apercibimento de que de non o verificar será declarado en rebeldía, seguindo o xuízo o seu curso.

E para que así conste e lle sirva de emprazamento en forma ó citado demandado, José Arán Domínguez, actualmente en paradoiro ignorado, expido o presente edicto en Santiago de Compostela o 14 de outubro de 1994.

O secretario
Rubricado

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO SEIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto (73/1993).

Ángel Pantín Reigada, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número seis de Santiago de Compostela, polo presente edicto fago público que neste xulgado se seguen co número 73/1993 autos de xuízo universal de quebra necesaria da entidade mercantil Talleres Fernández y Dávila, S.L., que ten como obxecto social a compravenda, alugamentos, reparación e mantemento de toda clase de vehículos, con domicilio social en r/ Nova de Abaixo, s/n fronte á praza de Vigo de Santiago, por instancia da Tesourería da Seguridade Social representada polo procurador Fernández Rial, nos que se dictou auto no día da data que na parte dispositiva di literalmente: «Que debía declarar e declaraba o sobresemento do presente expediente; que se anote no libro de rexistro deste xulgado; que se deixe sen efecto o arresto dos donos da entidade Talleres Fernández e Dávila, S.A., Luis Fernández González e Enrique Dávila Agulla, así como a inhabilitación para a administración e disposición dos seus bens; que se deixe sen efecto a detención da correspondencia postal e telegráfica do quebrado, librándose oficios ás Administracións de Correos e Telégrafos; que se lle dea a mesma publicidade a este sobresemento que se lle deu ó auto que declarou o estado de quebra, librándose edictos para a súa fixación no taboleiro de anuncios deste xulgado e

publicación no DOG; que se libre mandamento ó rexistrador mercantil desta provincia participándolle o sobresemento e ó Rexistro da Propiedade desta cidade para constancia de que se deixou sen efecto a inhabilitación de quebrado para administración e disposición de bens. Notifíquesele esta resolución ás partes e ó comisario e depositarios da quebra, unha vez firme esta resolución expídanse os despachos acordados.» Así o dispón, manda e asina SS^a. Dou fe.

E para que así conste e sirva de notificación ós interesados e para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*, expido o presente edicto en Santiago de Compostela, o sete de xullo de mil novecentos noventa e catro.

A secretaria
Rubricado

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 23 de decembro de 1994, da Secretaría Xeral da Comisión Galega do Medio Ambiente, pola que se somete a información pública o estudo de avaliación de efectos ambientais do proxecto da canteira de granito Abellas.

O artigo 2º, Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación dos efectos ambientais para Galicia (DOG nº 199, do 15 de outubro), dispón que o órgano ambiental someterá o estudo de efectos ambientais ó trámite de información pública, durante quince días hábiles, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude:

RESOLVO:

1.-Someter a información pública, no prazo de quince días hábiles, contando a partir da publicación da presente resolución, o estudo de efectos ambientais do proxecto da canteira de granito Abellas, situada nas paraxes de Petón das Abellas, no termo municipal de Dumbría, provincia da Coruña.

2.-Para os devanditos efectos informativos, porase a disposición dos administrados, exemplares nas seguintes dependencias:

* Secretaría Xeral da Comisión Galega do Medio Ambiente.

* Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública (Comisión Provincial de Medio Ambiente) da provincia da Coruña.

* Concello de Dumbría.

3.-As alegacións formularanse durante o dito prazo de quince días.

4.-Unha vez rematado o mencionado prazo, remitirase o expediente coas correspondentes alegacións á Secretaría Xeral da Comisión Galega do Medio Ambiente.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 1994.

José Luis Aboal García-Tuñón
Secretario xeral da Comisión Galega do Medio Ambiente

Cédula do 23 de novembro de 1994 da Secretaría Xeral para o Turismo, pola que se notifica á axencia de viaxes Viajes Abrente, S.A. a obrigatoriedade de presentar no prazo de un mes determinada documentación.

Pola presente cédula, notifícaselle ó titular da axencia de viaxes que figura no anexo, a través do seu representante legal, cos datos e último enderezo que tamén se sinalan, que examinado o expediente de autorización do título licenciamos desa axencia de viaxes, comprobouse que no prazo de dous anos a que fai referencia a disposición transitoria primeira do Decreto 155/1989, do 22 de xuño, polo que se aproba o regulamento das axencias de viaxes de Galicia, non regularizou a súa situación adaptándose ós requisitos e prescricións que establece este decreto. Por iso, concédeselle o prazo de un mes para achegar perante esta secretaria xeral a documentación que se relaciona no anexo da presente cédula.

De non presenta-la documentación requirida no prazo indicado, procederase a inicia-lo correspondente expediente de revogación do seu título licenciamos.

Igualmente, fáiselle saber que o expediente poderá examinalo, e obter copia dos documentos contidos nel, na Secretaría Xeral para o Turismo.

E para que conste e lle sirva de notificación ó titular da mencionada axencia de viaxes, e en cumprimento do establecido no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sobre réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), asino e selo a presente cédula en Santiago de Compostela, o 23 de novembro de 1994.

Francisco García-Bobadilla Prósper
Secretario xeral para o Turismo

ANEXO

Axencias de viaxes	Representante legal	Último enderezo coñecido	Documentación que terá que presentar
Viajes Abrente, S.A.	Luis Pardo Novoa	Rúa Cuesta, 8. O Carballiño (Ourense)	a) Escritura social na que conste a ampliación do capital social ata 10.000.000 de ptas. b) Fianza por importe de 10.000.000 ptas. c) Póliza de responsabilidade civil de acordo co estipulado no mencionado Decreto 155/1989. d) Contrato suscrito entre a axencia e un novo director.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Cédula do 23 de novembro de 1994, do Servizo Provincial de Transportes de Ourense, pola que se notifican expedientes sancionadores incoados por infracción á normativa vixente en materia de transportes terrestres e devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios (número OUR-01228-O-93 e nove máis).

Pola presente cédula notificánselles ós denunciados, cos datos e últimos enderezos coñecidos que se sinalan no anexo, as resolucións sancionadoras, dictadas polo delegado provincial da CPTOPV de Ourense, facultado polo Decreto 70/1993, do 10 de marzo (DOG do 26 de marzo), recaídas nos expedientes que se citan no anexo.

Facéndolles sabe-lo dereito que os asiste para interpoñer recurso, ante o conselleiro de Política

Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ó da publicación da presente cédula.

En caso de conformidade con estas resolucións deberán facer efectiva a multa mediante transferencia bancaria a favor do Tesouro da Facenda Galega, conta restrinxida de recadación de multas e sancións número 13-763620 da Caixa Postal de Aforros, sucursal de Santiago de Compostela.

E para que conste e sirva de notificación ós denunciados, de descoñecidos domicilios, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), expido, asino e selo a presente cédula en Ourense, 23 de novembro de 1994.

José Ignacio Domínguez Pedrosa
Xefe provincial de Transportes de Ourense

ANEXO

—Expediente —Matrícula —Denunciante	—Denunciado —Último domicilio coñecido	—Feito denunciado				Precepto infrinxido	Precepto sancionador	Sanción proposta	
		—Data	—Hora	—Estrada	—Pk.				
